

Recollida de
envases
lixeiros na
hostalería de
Compostela



Páxina 4

Programa de
Festa do
Banquete de
Conxo



Páxina 8

Evega presenta
as tecnoloxías
do frío na
elaboración do
viño



Páxina 11

Cultura asina
convenios cos
alcaldes de
Montederramo,
Entrimo e
Celanova



Páxina 15

A creación de
emprego estará
bonificada en
Salceda



Páxina 19



Festas de San Telmo en Tui

Páxinas 20 e 21

Entrevista



Daniel Salgado, escritor e xornalista

“Os subalternos non teñen a
mesma concepción do mundo
que os dominadores”

Páxina 10



centro médico
EL CARMEN

www.centromedicoelcarmen.es



TRAUMATOLOGÍA Y CIRUGÍA ORTOPÉDICA

PRÓTESIS DE CADERA Y RODILLA

7 CIRUJANOS ORTOPÉDICOS | QUIRÓFANOS ADAPTADOS A CIRUGÍA PROTÉSICA



SORTEAMOS 400 VIAJES

Al Parque de la Naturaleza de Cabárceno

(100 PACKS DE VIAJE PARA
4 PERSONAS CADA UNO)

Promoción válida del 1 de marzo al 30 de abril.
No aplicable a gadisline.com



Parque de la Naturaleza
Cabárceno
Cantabria

GADIS



ADOP
Patrocinador
del Equipo
Paralímpico
Español



Por: Guillermo Rodríguez

Director

Ordenando a miña alacena

Nos últimos tempos deume por gardar todo tipo de papeis que me pareceron contiñan algo interesante. Tomo nota de ideas que me parecen interesantes, aínda sen estar de acordo, en moitos casos. Hoxe, naméntres media España estaba “recollida” (dise así?), dediqueime a ordenar, e nalgúns casos destruír, papeis que veño gardando dende anos ha. Teño que facelo de cando en vez porque senón voume quedar sen espazo vital para respirar e traballar.

Como estamos entrando nunha etapa perigosa e, ata certo punto aceptada, non sei se de boa gana ou por vagancia intelectual, vou utilizar lecturas relacionadas entre si, que fan referencia á liberdade de expresión, á “rigorosa” (é un dicir) información dos medios (xa saben que eu nisto son agnóstico; non creo na suposta neutralidade dos medios de comunicación). Por esta razón quero facelos partícipes do contido dalgún dos meus papeis; papeis que collín á toa, tal como ía ordenándoos. Non son os Papeis da San Armadáns de Cela pero neles hai cousas realmente interesantes.

Vexan o que nos ofrece nun titular, o xornal latinoamericano, La Clave: “CINCO GRANDES GRUPOS DE COMUNICACIÓN –Cisneros, Televisa, Clarin, Marinho e Prisa- DOMINAN O MERCADO LATINOAMERICANO, ADEMAIS, MOITOS EMPRESARIOS INTENTAN USAR OS MEDIOS COMO TRAMPOLÍN PARA ENTRAR EN POLÍTICA”. Como subtítulo podemos ler “Brasil posúe 89 Medios de Comunicación en mans de Senadores en activo”.

Entrando na información, extensa e profunda, podemos ler: “Nos episodios de enfrontamentos entre os distintos magnates da información e os políticos

é facilmente detectable a convivencia entre ambos. Non só vemos como centos de políticos se fixeron donos de medios de comunicación, senon que tamén comprobamos como moitos xornalistas aproveitaron os medios para facer carreira na política.

Globo, o xigante brasileiro propiedade da familia Marinho, é dono de 107 frecuencias (é a cuarta maior canle de televisión aberta no mundo), ademais posúe radios, diarios e revistas. Non se vincula directamente con ningún partido político porén desenvolveu un labor informativo claramente contrario ás iniciativas de esquerda do presidente Lula da Silva.

Gustavo Cisneros, que algúns califican como o Murdoch latinoamericano, herdou do seu pai un imperio mediático valorado pola revista Forbes en 3.000 millóns de euros, o que o sitúa como a segunda fortuna de Latinoamérica. Non se limita a Venezuela: posúe a importante cadea de televisión Caracol TV en Colombia, é accionista de emisoras na Arxentina e Chile e propietario de grande parte das accións de Univisión. Recentemente, un novo poder entrou en Latinoamérica: o Grupo español Prisa que está a expandir o seu imperio en varios países. Posúe Radio Caracol, a maior emisora colombiana, e varias frecuencias en México, Arxentina, Chile, Costa Rica e Panamá. En Bolivia converteuse, en 2003, no propietario do maior diario do país: La Razón.

“Periodistas y Magnates” é o título do libro que Martín Becerra, doutor en Ciencias da Comunicación pola Universidade Autónoma de Barcelona, acaba de publicar en Bos Aires co cate-drático bonaerense Guillermo Mastrini. Becerra leva anos analizando os medios de comunicación en América Latina e

mostra a súa preocupación porque a propiedade destes medios vai quedando cada vez en menos mans e porque manteñen unha relación turbia cos políticos da rexión.

O australiano con pasaporte estadounidense, magnate da Comunicación, Rupert Murdoch acordou repartir o seu inmenso imperio mediático entre os seus fillos (casou tres veces) que supoñía anos atrás “pouca cousa”: 20 xornais entre Australia e Asia; oito no Reino Unido; en EEUU. É dono do New York Post; no eido cinematográfico ten 10 compañías; seis de televisión; trece por cable; Internet, Equipos Deportivos ten tres: Beisbol; en revistas e suplementos ten oito; publicacións seis, etc.

É o empresario mediático que máis ten influído na política británica. O expresidente Aznar e Tony Blair son algúns dos políticos influentes que están ou estiveron en nómina. Os seus xornais non se dirixen, especialmente a ningún dos dous bandos: esquerda ou dereita; pretenden influír nesa banda media de público que pode votar por uns ou por outros. Deste xeito segundo os expertos ten nas súas mans poder inclinar a balanza dunhas eleccións nun ou noutro bando, segundo lle interese. Prestou un descarado apoio a George Bush na guerra de Irak. É no Reino Unido onde mellor se percibe o seu poder mediático. Despois de facerse cos xornais The Sun e The News of The World foi a por o The Times co que mostrou a súa ambición e desprezo ao establishment británico.

En decembro do 2006 puidemos ler no País un artigo de TZVETAN TODDOROV que titulaba “La preocupación por la verdad”. Nel, falando da Guerra no Irak, referíase a un texto do Informe Baker-Hamilton no que se di “É difícil elaborar unha boa política cando a información

se selecciona sistematicamente de maneira que reduza as diferenzas cos obxectivos marcados”. Noutras palabras, di a xornalista, o Goberno de Estados Unidos considerou que a verdade era un valor despreciable, que podía sacrificarse facilmente conforme a vontade de poder. Hoxe coñecemos os resultados daquela guerra, das famosas “armas de destrución masiva” que tanto asustaban o noso ínclito presidente Aznar.

En novas entregas fareilles chegar máis cousas da miña alacena. Por exemplo o contido dun artigo de Ignacio Ramonet de xullo de 2015 que titulaba: “Comprender como nos manipulan”. Botaba man do extraordinario libro de Aldous Huxley “Un mundo feliz” que o autor traslada ao 2500; e das teorías do investigador ruso Pavlov, representante do condutismo. Huxley non tivo en conta que a humanidade tiña moita prisa e que “ese mundo feliz” xa nolo están ofrecendo agora mesmo. Pero diso falaremos con máis calma outro día.

Que sexan felices

FELIX



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.

T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnez. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PORTUGAL: Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – Manuel Gonçalves – João Martinho.

MADRID: –Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (Koki)

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Her-manager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

Galicia

Redacción SANTIAGO

Preto de 150 locais do Ensanche súmanse á campaña de recollida selectiva de envases lixeiros na hostalería

Preto de 150 establecementos de hostalería do Ensanche veñen de sumarse ao proxecto para a mellora da recollida selectiva de envases lixeiros no sector HORECA, impulsado pola Concellaría de Medio Ambiente e Convivencia en colaboración con Ecoembes e coa Xunta de Galicia. Os locais empezarán a recibir nos vindeiros días os contedores de pequeno tamaño que utilizarán para separar os seus residuos.

Esta iniciativa súmase ao programa de recollida de vidro Porta a Porta nos establecementos de hostalería da cidade histórica, que permitiu incrementar nun 32% a recollida desta fracción, ata superar as 1.900 toneladas en 2017". Agora, apuntou Xan Duro, preténdese que "esta boa evolución se traslade á recollida de envases lixeiros, que ademais se traduce en ingresos para o Concello de Santiago". O ano pasado recolléronse máis de 1.500 quilos de envases lixeiros, 15,7 quilos



Bruno de Llano, Xan Duro, María Cruz e Sara Santos

por habitante, polos que Ecoembes lle pagou ao Concello de Santiago case 240.000 euros.

No proxecto participarán 148 establecementos. En 97 casos, os propietarios declararon que xa separaban os residuos con anterioridade á posta en marcha da campaña, pero os demais incorporáranse á recollida selectiva grazas a esta iniciativa. Para facilitarlles as cousas, os establecementos participantes recibirán contedores de pequeno tamaño, e o seu persoal recibirá a formación

precisa para asegurar unha correcta participación na recollida. Tanto da formación como do subministro dos contedores encárgase Ecoembes.

A presidenta de Hostalería Compostela, Sara Santos expresou o respaldo da asociación e o compromiso do sector coa recollida selectiva de envases, "conscientes de que somos os grandes xeradores deste tipo de residuos". Ademais, quixo facer unha chamada a que novos establecementos se sumen ao proxecto.

Turismo de Santiago estrea unha axenda on line cos congresos e eventos que se celebran na cidade

A concelleira de Turismo, Marta Lois, e a xerente de Turismo de Santiago, Flavia Ramil, presentaron a nova axenda de congresos e eventos que se celebran na cidade, que se pode consultar na páxina www.santiagoturismo.com. A ferramenta responde así a unha demanda tradicional do sector, que reclamaba coñecer coa maior antelación posible as datas de celebración de eventos e congresos na cidade para así poder adaptar a súa oferta.

O ano 2018 continúa coa tendencia positiva no sector congresual que comezou hai

un par de anos. Neste ano celebráranse importantes eventos e congresos, que servirán para dinamizar o sector en diferentes momentos do ano. Só entre os seis principais congresos e eventos que se celebrarán este ano chegarán a Santiago máis de 6.000 participantes.

Os principais eventos son: Campionato do Mundo de Xadrez Infantil, que se celebrará do 3 ao 18 de novembro e ao que asistirán unhas 3.000 persoas, cun impacto económico estimado duns cinco millóns de euros; XXXV Congreso Nacional de Enfermería de Saúde Mental; Prion 2018 (Congreso Interna-

cional do Sector da Medicina Molecular); EDF Congress 2018 (Congresos dos Produtores Lácteos Europeos); 49 Congreso Nacional de Podoloxía; e V Congreso Nacional de Áridos.

A previsión é que esta tendencia positiva mellorará incluso no 2019, no que xa están confirmados cinco congresos médicos de máis de 1.000 participantes; outros tres congresos de máis de 500 participantes que se celebrarán no primeiro cuadrimestre, fomentando a desestacionalización da demanda; e outros tres congresos europeos que terán entre 300 e 800 participantes.

O 12 de abril remata o prazo para solicitar as axudas para o pintado das fachadas dos edificios da cidade histórica

O Consorcio de Santiago ten en marcha unha nova convocatoria do programa Ter é manter, dirixido ao mantemento e mellora da eficiencia enerxética da envolvente exterior dos edificios da cidade histórica de Santiago, por un importe global de 150.000 euros. Esta subvención abrangue as fachadas exteriores ou patios interiores, cubertas, canlóns e baixantes, carpinterías e galerías de madeira, portas de entrada aos edificios e reixerías dos inmobles situados no ámbito do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica. Nesta convocatoria preténdese fomentar o pintado das fachadas. O prazo para solicitar estas axudas remata o vindeiro 12 de abril.

No suposto de que sexa imprescindible a substitución da cubrición para mellorar o comportamento térmico do edificio, subvencionarase tamén o custo desta substitución. Ademais, con carácter especial, e co obxecto de fomentar a me-

llora das instalacións de pluviais da cidade histórica, subvencionarase o custo de substitución dos canlóns e baixantes de pluviais deteriorados, así como os gardacanos e a conexión da instalación á rede xeral. As axudas inclúen os custos adicionais e indispensables para a realización das obras como a colocación de estadas, así como os honorarios profesionais de redacción da documentación técnica e dirección da obra.

Os inmobles deberán presentar condicións suficientes de seguridade estrutural e de estanquidade fronte á choiva. Deberán ter unha antigüidade superior aos dez anos; e estar destinados a vivenda, como mínimo, os 2/3 da súa superficie útil, excluídas a planta baixa e as plantas soto.


A contía da subvención será do 40% do presuposto máximo subvencionable. Para resolver calquera dúbida desta convocatoria, os interesados deberán poñerse en contacto ou acudir á Oficina Técnica do Consorcio de Santiago.



Fachada dun inmobile do casco histórico

CONXO

FESTA DO BANQUETE



SANTIAGO DE COMPOSTELA
21-22 ABRIL 2018



Opinión

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

0 silencio dos progres españois

Os progres españois sempre andiveron pola vida ocupados e preocupados (con toda xustiza) pola liberdade dos pobos de Palestina, Sahara e Chiapas, mais, por desgraza, nada ocupados nin preocupados pola subordinación das linguas, culturas e nacións catalás, vascas e galegas a un Estado español construído por determinadas elites extractivas, refractarias á libre concorrência e ao progreso. Un Estado español tendente historicamente ao supremacismo e ao autoritarismo e que só coñeceu períodos liberais e democráticos cando tentou darlle algunha caste de canle

ao dereito de autogoberno das nacionalidades.

Os progres españois sempre andiveron pola vida moi preocupados polos dereitos do guaraní ou do swahili e nada preocupados pola minorización en cadanseus países das linguas propias de Euskadi, Galicia, Catalunya, País Valencià e as Illes.

Vivimos nos últimos seis meses a derogación do dereito constitucional ao autogoberno das nacionalidades pola aplicación dunha interpretación inconstitucional do 155. A derogación parcial do Código Penal e das Lei de Xuizamento Criminal e Orgánica do Poder Xudicial para

crear o delito de rebelión sen violencia, para inventar a competencia do Tribunal Supremo no canto do Superior de Catalunya nas causas que atinxen ao President, aos deputados e aos consellers, para inventar a competencia da Audiencia Nacional nas causas de sedición, para subordinar a autonomía do Parlament a decisións do Tribunal Constitucional que vulneraban a súa propia xurisprudencia. A aplicación da prisión preventiva como mecanismo antixurídico de creación de reféns: os actuais presos políticos e os antigos presos hoxe suxeitos á fianza e á espada de Damocles da volta ao cárcere se teiman nos seus principios.

Fronte esta enxurrada de arbitrariedade e autoritarismo os progres españois ficaron calados. No resto

da Europa, en Euskadi, Nafarroa, as Illes, o País Valencià ou Galicia a reacción non foi valente nin axeitada en xeral, mais existiron moitas voces individuais e mesmo manifestacións sociais do rexeitamento de amplos sectores a esta onda incivilizada e represiva. Mais no resto do estado, agás moi poucas excepcións, todo foi, todo é, silencio.

Os progres españois asisten silentes á recentralización autoritaria do Estado español e semellan non se decatar que este proceso vai desnaturalizar de vez o que até de agora cualificabamos como democracia.



Aínda hai xuices en Berlín

O maxistrado Larena activou a euroorde de detención contra Puigdemont e os membros exiliados do seu Govern. Xa que logo, a policía alemá executou o seu arresto que un xuíz deberá de ratificar ou deixar sen efecto. En calquera caso, se Puigdemont rexeita a súa entrega ao Tribunal Supremo reclamante, será a xustiza de Schleswig-Holstein a que decida se cómpre executar a extradición ou non, no prazo máximo dos sesenta días determinado pola Decisión-Marco do Consello que regulou a

euroorde.

A Alemaña castiga condutas semellantes ao delito de rebelión español. O artigo 81 do seu Código Penal castiga entre dez anos e vinte e cinco anos (efectivos) os delitos de alta traición contra a República Federal e entre un e dez anos os delitos de alta traición menores. O artigo 83 castiga tamén os actos preparatorios destes delitos. Velaí que algúns opinadores urxentes salientasen a diferenza entre os réximes penais alemán e belga, en claro prexuízo do President catalán.

Claro é que a lei alemá, canda a española dende 1995, esixe para que exista alta traición quer violencia, quer intimidación (“force” ou “threat of force”, na tradución inglesa oficial do Ministerio federal de Xustiza). Ou sexa, que os avogados de Puigdemont perante a xustiza alemá poderán combater o relato da interlocutoria de procesamento de Larena, emitida o venres.

Porque a resolución xudicial emitida o venres último polo Tribunal Supremo (que acordou o procesamento de trece políticos cataláns por delito de rebelión), non xustificou de xeito ningún a existencia nin de violencia nin de intimidación nas condutas desen-

volvidas polos distintos axentes políticos e sociais do procés. Neste senso, Larena considera que ese requisito de violencia cúmprese coa actitude dos manifestantes do 1-0, cando Europa e o mundo todo puidemos ver que a única violencia dese día foi determinada violencia policial.

Na Alemaña tanto a xustiza estatal de Schleswig-Holstein como a xustiza federal son independentes e interpretarán a xeito os conceptos de violencia e intimidación. Nunhas semanas veremos si Larena recibe a primeira censura á súa imaxinación á hora de crear delitos de rebelión inexistentes. Porque aínda hai xuices en Kiel. Aínda hai xuices en Berlín.

Ao César o que lle pertence

O bjectivamente non hai quen poida negar o grandísimo traballo desenvolvido por moitas entidades e persoeros católicos a prol da paz, da integración social e dun mundo mellor. Velaí os casos de Caritas, Mans Unidas ou Proxecto Home, da loita contra as minas antipersoas do bispo xesuíta Kike Figaredo en Cambodia ou do labor silente do salesiano galego José Antonio San Martín na recuperación para a sociedade de ducias de rapaces e rapazas antes encadrados nas guerrillas colombianas.

Mais esta vizosa realidade non pode agachar a grave responsabilidade da Igrexa Católica no seu apoio aon fascismo italiano e ao franquismo español, na represión da liberdade sexual e subordinación das mulleres e na súa actitude ambivalente, cando non cómplice, nos casos de abusos sexuais a menores por parte de eclesiásticos. Responsabilidades todas que a Igrexa ha recoñecer e que semella que, baixo a dirección do Papa Bergoglio, quere enfrontar, malia que, quizais, non coa dilixencia e celeridade esixíbeis.

A liberdade relixiosa esixe a aconfesionalidade. É dicir, que os Poderes e Administracións Públicas non teñan relixión oficial, polo que non é constitucional que alcaldes, conselleiros ou ministros asistan no exercicio dos seu cargo – e si como cidadáns – a procesións, votos, ofrendas ou misas, por moita tradición que teñan. Esa presenza era historicamente comprensíbel cando Europa era a “universitas christiana”, antes da laicidade traída polas revolucións liberais e democráticas, mais non agora. Católicos, xudeus, agnósticos e ateos teñen o mesmo dereito a percibir neutrais aos Poderes Públicos.

Mais esta aconfesionalidade ha de se entender en clave de laicidade po-

sitiva e non de laicismo. É dicir, que os Poderes Públicos han colaborar coas confesións relixiosas dentro da lei e as manifestacións relixiosas poden ocupar os espazos públicos, sen ter que se cingir ao ámbito privado. Velaí a plena compatibilidade das procesións de Semana Santa cunha aconfesionalidade democrática.

Porén, o que sobarda todas as regras democráticas do Estado de Dereito é que catro ministros asistan a unha procesión onde se defenden valores autoritarios e militaristas incompatíbeis coas liberdades e coa mensaxe actualizada da Igrexa que hoxe dirixe Bergoglio.


Ao César o que lle pertence.

Por Baldomero Iglesias Dobbarrio. Mero

Xa condenan por presentir

Antes aínda de pensar, ...a maxia chámase “incitación al odio”. Este último delito novidoso ten os seus máis e os seus menos. Está moi de moda como arma de defensa dos que fixeron mal as cousas, un argumento de xustiza moi relativa que agora poñen na man dos medios de comunicación, subalternos das ansias do poder para que non se arme follón e que revolván as augas para, logo, buscar motivo de dúbidas e sospeita. Un intrusísimo máis nas empobrecidas liberdades de expresión dun pobo, dun grupo, dunha persoa calquera que podemos ser nós mesmos. Un odio que se fundamenta en desconfianza, antipatías e aversión, a inimidade gratuíta, o resentimento e a xenreira anteriores á perversa ollada da sospeita. Serve así de purga de todos aqueles que ousamos, coa mellor intención, dirixir o noso dedo cara á corrupción e o saqueo, onde están eles, mira por onde! Os que non se someten á lei e deixan evidencias moi clarificadoras, mentres – pola contra – outras persoas por moito menos motivo, están no trullo. Por un lado está, e hai que telo en consideración, este odio que vén en fas-

cículos e vaise facendo enciclopedia, no que constan pasaxes da negra historia que aínda hoxe nos avergoña e garda certos rancores. Rancores que veñen desde atrás, do confabulado contubernio. Emite, finalmente, un cheiro de xuízo lixeiro e manipulado. Ese xuízo nunca ponderado debidamente. Nin sequera será tido en conta senón para estar en prevención, para inhibirse de certas actitu-



des. Estas cousas antes que tomalas en broma, hai que consideralas en serio, moi en serio. Sobre todo porque crean muros entre as persoas, porque dividen e aniquilan, porque son tan previsoras que destrúen antes de ser. Son prexuizos, que antes de ser xa danan e lesionan, polo menos trastornan. Prexudican e deterioran as limpas relacións humanas, impiden a liberdade, poñen en cuestión os beneficios da concilia-

ción e o acordo, que favorecen a cohesión social.

Os delitos de incitación ao odio, sinalan a músicos, escritores, actores, artistas, profesores discrepantes que nas súas clases falan da realidade social que viven. Comentan co alumnado adulto as dúbidas sobre as actuacións políticas, xudiciais e policiais. Discrepantes que por falar nas redes sociais son incitadores ao odio?. A outros por facer bromas en revistas que fan chiste destes e doutros aconteceres. Certamente no Código Penal consta tal delito, do artigo 510 “Cando hai motivos racistas, antisemitas, ideolóxicos, de relixión, crenzas, situación familiar, raza, nación, orixe, identidade sexual, xénero, enfermidade ou discapacidade”. Ah, e como a policía non consta, faise saber que son razóns ideolóxicas contra o colectivo de policías. Puf, que volta houbo que dar para chegar aquí, parece daquelas explicacións que consisten en encausar algo que non ten causa algunha. Ule mal, coma se houbera que escarmentar a alguén, como se houbera que espallar o medo, deter a escasa liberdade de expresión, nas aulas, nas redes, detrás das sombras que nos ameazan. Hai que disuadir ao persoal, que se nos botan enriba. Disuadir aos que discrepan. E a pouco que consideremos, dámonos conta que falar de incitación ao odio por criticar a alguén é unha

barbaridade, neste caso xurídica. Pero tamén é por motivación ideolóxica, cando a policía non debe ter esa motivación.

Pode parecer que hai unha actitude de persecución á xente normal, a esa xente que viu como se excedían en golpes e na utilización de métodos moi agresivos contra persoas desarmadas, cidadáns golpeados con acusación de promover o odio. O peor de todo é que poden e están forzando a tope as máquinas, fan que prosperen estas acusacións que ofenden o entendemento e humillan os sentimentos. Estamos perdendo os dereitos a pasos axigantados. Haberá que protexer ás vítimas da inxustiza e non aos que con ela agriden. Nunca tal se vira! Semella unha habelencia raposeira e inquisitorial. Logo falan de que esta “democracia” quere ser inclusiva, participada, plural, rica na diversidade. Sabendo o que sabemos da corrupción que reforza as elites e xera abuso, que se espalla nas institucións e que se propaga con aplicacións retortas da lei, con informacións manipuladas que aínda acenden máis o descontento, pois estamos listos. E eles amparados na impunidad ideolóxica dos que mandan. Xa sei que non só lles molesta que falemos, preferirían que foramos mudos. Está claro!



Por Jesús Témez Fernández

As mentiras da UE

O triunfo en Italia de forzas políticas populistas puxo o berro no ceo por parte das principais cabeceiras mediáticas europeas alertando dunha nova apocalipse nun dos corazóns de Occidente deixando claro que para a UE e a súa maquinaria burocrática se non pertencen a unha das familias políticas dinásticas patrimonializadoras do poder desde o inicio da posguerra é un antisistema populista e radical.

Botóns de mostra de elo topámoslos a gallarán. Polonia, que ten un goberno electo segundo os estándares de democracia que a propia UE dita

representaría un serio perigo para a estabilidade do proxecto europeo porque para os burócratas bruxelenses as súas iniciativas políticas teñen demasiada carga conservadora e conculcan principios básicos da convivencia comunitaria. Hungría tamén presentaría tics autoritarios porque foi unha das voces disonantes coa política de portas abertas de Merkel durante a crise migratoria. O movemento cinco estrelas en Italia estaría imbuído dun discurso antieuropeista que debe ser denunciado e penalizado coas chaves do ostracismo. Rusia representaría uns valores tradicionais

e obsoletos que deben ser subvertidos en aras a crear un proxecto máis modernizador que cumpra coas esixencias e estándares europeos en termos sociais e comerciais. Trump sería un xinete da apocalipse disposta a romper o statu quo comercial que xerou tanta prosperidade en Occidente. Con todo os Rajoy, Merkel, Macron, Clinton, Trudeau, son adaíles do progreso social e material así como os dignos representantes do pensamento do políticamente correcto cando en realidade o que son é dirixentes de sociedades caracterizadas por protagonizar os rexistros de desigualdade máis acentuados do planeta, produto seguramente desas políticas neoliberais que levan poñéndose en práctica desde os 90 e das

que tanto se jactan as elites bruxelinas.

Cuestiono, por tanto, esa democracia europea que só admite como alternativas partidos tamizados pola súa intransixencia ideolóxica, onde non se admite pluralidade e considérase inimigo todo pensamento que difira dos seus inviolables postulados do libre mercado, lexislación prolija promisorias, globalización asimétrica metrúpoles / provincias e anglosaxonización cultural e desnaturalización das nacións estado. Esa é a súa verdadeira democracia. Por tanto, limítome a cuestionala. Oírase.



Galicia

Redacción SANTIAGO

Aprobado o inicio do procedemento de liquidación do contrato con Setex Aparqui

A Xunta de Goberno aprobou o inicio do procedemento para a liquidación do contrato con Setex Aparqui para a xestión dos servizos de ORA e do guindastre, contrato declarado nulo por sentenza xudicial en 2015. O Executivo entende que a empresa ten que indemnizar ao Concello por danos e perdas, e tamén que os bens, equipos e servizos e instalacións adscritos á concesión reverten no Concello.

Segundo o informe da liquidación, Setex debe aboarlle ao Concello en concepto de indemnización por danos e perdas, 630.679,93 euros. Desta cifra habería que descontar 121.957,11 euros, que a empresa da tiña pagado en concepto de canon fixo no período de decembro de 2014 a febreiro de 2016. Ao tempo, o informe sinala que o Concello devolveralle a Setex a cantidade de 336.945 euros en execución da sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Santiago con data 19 de maio de 2016, cos xuros de demora correspondentes. Esta sentenza referíase ao canon variable e, tal e como apuntou o concelleiro Xan Duro, "nese fallo o xuíz apuntaba que os pregos do concurso de adxudicación da ORA e do guindastre, en 2011, non deixaban o



suficientemente claros os termos do canon variable nin como se debería calcular esa cifra". A empresa terá un prazo de dez días para presentar as alegacións que considere oportunas.

Por último, o informe da liquidación advirte da posibilidade de que o Concello lle repercuta a Setex calquera indemnización que os tribunais de xustiza obriguen a abonarlle a Doal, a empresa que resultara segunda clasificada no proceso de adxudicación da ORA e do guindastre. O informe sinala que esa repercusión sería posible porque a nulidade da adxudicación a Setex ten a súa orixe na conduta desta empresa faltando á boa fe contractual. En todo caso, a resolución xudicial sobre esta cuestión está aínda pendente, e tería que ser incorporada á liquidación con Setex a posteriori.

O Concello celebrará a festa do Banquete de Conxo cun amplo programa de actividades

A festa do Banquete celebrarase a fin de semana do 21 e 22 de abril na mítica carballeira de Conxo, ás beiras do Sar, "un espazo recuperado ambientalmente e que poderá ser usado pola cidadanía a partir do 16 de marzo", unha vez finalice o obradoiro de emprego Ecotur III que se encarga da súa rehabilitación. Tal e como sinalou o alcalde, con esta celebración "temos unha oportunidade para reivindicar a historia do barrio de Conxo, mais tamén para reivindicar valores como a liberdade de expresión, a igualdade ou a diversidade cultural".

Durante toda a fin de semana haberá un Mercado do Libro e da Artesanía, con postos de libeiros e libeiras do barrio, así como de artesáns e artesás. Inclúe presentacións de libros, mostras do proceso de traballo artesanal e actividades lúdicas para as crianzas. A programación do sábado centrarase no aspecto máis reivindicativo, mentres que a do domingo xirará en torno á recreación histórica e a propia

festa do banquete.

A celebración dará comezo o sábado a partir das 12 da mañá cunha visita guiada ao Banquete de Conxo da man do xornalista Henrique Alvarellos. Posteriormente haberá unha mesa redonda sobre a importancia do Banquete e os desafíos que ten por diante o barrio de Conxo. Xa ás 18:30 horas darán comezo as actividades infantís cunha representación de monicreques, unha chocolatada e unha dinámica infantil titulada O Conxo que queremos, na que os nenos e as nenas expresarán as súas ilusións e soños para o barrio. Tamén ás 18:30 h actuará a coral do Hospital Psiquiátrico de Conxo acompañada da Coral Solfa, rematando con Conxo, festa da poesía, un evento lúdico que incluírá rap, poesía, regueifa e música.

O domingo retómase a festa ás 11:30 horas cun desfile teatralizado de estudantes e artesáns dende o casco histórico ata o campo de Conxo, onde haberá un concerto da Banda Municipal interpretando pezas de me-

diados do século XIX. A continuación, a estrea dunha obra teatral na que se escenifica o Banquete de Conxo orixinal e un xantar popular con brindes da veciñanza e poetas. A sobremesa estará amenizada polo Serán da fraternidade, unha foliada de música tradicional. O domingo haberá unha nova oportunidade de coñecer a zona cunha nova visita guiada con Henrique Alvarellos, a partir das 18:30 h.

Fito histórico

O 2 de marzo de 1856, un grupo de estudantes universitarios, entre os que se atopaban Eduardo Pondal, Aurelio Aguirre, Luis Rodríguez Seoane e Manuel Murguía (mesmo se pensa que tamén estivo Rosalía de Castro) convidaron a obreiros e artesáns a un xantar baixo a carballeira de Conxo. Alí houbo proclamas progresistas e demócratas que non gustaron ao poder dominante da época e que foron consideradas subversivas. Ademais, algúns dos seus impulsores foron despois referentes do rexurdimento das letras galegas.

Opinión

Por Ramón Coira Luaces

A deriva de Fodemos

“Fodemos” naceu como sucursal galega do partido político español “Jodemos”. O ideólogo do partido, Juan Carlos Billetera, dixo con moi bo criterio: “Hai xente que pasa tanta fame que se o chamamos ‘Jodemos’ enchemos as urnas de votos. E así foi, en parte. Ao principio todo era un fervedoiro de ideas. Comezaron convencendo ao profesor Vieiras de que se aliase a eles, co seguinte criterio: ‘Ti dille a todo

que si, que logo nós xa faremos o que nos pete”. Ao principio era unha lúa de mel. España era un Estado plurinacional, unha nación de nacións. A patria eras ti... Porén a maioría do pobo catalán -enrevesado como ningún- chegou á seguinte conclusión: como parece que estamos en democracia, imos exercer os nosos dereitos... E entón foi cando a dereita, coas súas tres forzas políticas, se puxo seria... E en “Jode-

mos” tamén dixeron: “daslles a man e cóllenche o brazo. Isto non pode ser” Entón chamaron a “Fodemos”, a sucursal galega, e dixeron: “mirade, vós sodes libres de ficar ou de marchar, pero aquí quen manda somos nós e, en concreto, o noso secretario xeral Pablo Catedrales. Algunha xente colleu medo e díxose na asemblea local: ‘mirade, o nome de ‘Fodemos’ non o entende todo o mundo, se vén unha persoa de Albacete non entende o que significa. Como sinal de boa vontade e de galeguismo integrador, é mellor poñer

“Jodemos” e, para que quede claro que somos a sección galega, poñemos ‘Galiccia’ e así cambiaron o nome polo de ‘Jodemos-Galiccia’. E de cuestionar a Constitución, pasaron a defendela; desde unha óptica de esquerdas e republicana, claro está. Chegaron as eleccións e, como había cartos, encheron o país de cartaces co lema: ‘A alternativa somos nós. Jodemos-Galiccia’



A Coruña impulsa unha ordenanza de igualdade que garantirá a paridade nos órganos de representación municipais

O goberno local da Coruña proxecta impulsar unha Ordenanza de Igualdade de Xénero co obxectivo de erradicar da administración calquera forma de discriminación, así como fomentar o empoderamento individual e colectivo das mulleres e reforzar a súa posición social, económica e política, facilitando o recoñecemento da diversidade. Con este texto, o executivo quere avanzar un chanzo máis nas súas medidas para favorecer a igualdade efectiva de xénero logo de poñer en marcha, dende o principio de mandato, diversos proxectos que derivaron en avances neste eido, como é o caso do Pacto Social por unha Cidade Libre de Vio-

lencias Machistas, a Instrución para a Transversalidade de Xénero e o posterior Plan de Igualdade para o Persoal Municipal, a consolidación do Espazo Diverso LGBTQI, a Escola de Empoderamento Feminista, entre outros. Ao fío, a ordenanza, que servirá para blindar os dereitos xa acadados coas anteriores medidas, así como garantir a dotación técnica e orzamentaria precisa, profundizará no camiño iniciado coa introdución por parte do goberno local de cláusulas sociais, entre elas as de igualdade de xénero, na contratación pública. A vontade do goberno local é que a futura norma teña un carácter inclusivo e, polo tanto, estea aberta á participación

tanto do resto de grupos da corporación municipal como dos colectivos, entidades e voces expertas en políticas de xénero que existen na cidade.

A ordenanza, máis alá de referendar obxectivos tales como a consecución da igualdade de trato e de oportunidades e o respecto ás diversidades dentro da administración local, traducirase, ademais, nunha serie de accións concretas, para garantir unha representación equilibrada (cun 40% de mulleres, como mínimo) en todos os órganos de representación municipais, como son a Xunta de Goberno Local, as comisións plenarias, os consellos de administración das empresas públicas, os tribunais de selección



O alcalde, Xulio Ferreiro, e a concelleira de Igualdade, Rocío Fraga, na inauguración da praza 8 de marzo

ou os consellos municipais de calquera natureza. Do mesmo xeito, tamén se plantexa a introdución da perspectiva de xénero á hora de abordar a elaboración dos orzamentos municipais, así como unha necesaria avaliación do impacto de xénero das políticas públicas e de toda a normativa local.

Outras das medidas propostas como base para o traballo que liderará agora a Concellaría de

Igualdade e Diversidade pasa por desterrar calquera tipo de linguaxe e imaxe sexista da administración municipal, introducir a variable de xénero nos estudos e estatísticas que elabore o Concello, transversalizar a perspectiva de xénero a todas as áreas de goberno, así como a creación dunhas estruturas estables que velen polas políticas de igualdade de cara ao futuro.

Abogados Moreno

bsuarez@abogadosmoreno.es www.abogadosmoreno.es

986410949 (Vigo) - 986182122 (Salvaterra)

Calle Venezuela, 12, 1º E. Vigo.

Rúa Galicia, 5. Salvaterra de Miño.

Civil
Empresarial
Penal

nemesio.barxa@barxadvogados.gal www.barxadvogados.gal

Sam Donmigos, 39, 1ºB . 988 228 420 . Ourense

Praza da Princesa, 6, 1ºA . 986 432 680 . Vigo

Rúa de Ceuta, 60, 5ºda. . 351 220 020 58 . Porto

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·

· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·

Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA

Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

Entrevista

Por **MONCHO MARIÑO**

Daniel Salgado, escritor e xornalista

“Os subalternos non teñen a mesma concepción do mundo que os dominadores”

Daniel Salgado xa tén detrás súa unha obra tanto literaria como xornalística que suma varios títulos. Licenciado en Xornalismo, ten traballado en redaccións como a extinta delegación de El País Galicia, gabinetes de prensa, outra vez redaccións xornalísticas e entre unha cousa e outra, foi sacando libros de poesía, artigos especializados en revistas tanto estatais como dentro da Galicia administrativa, así como colaboracións e publicacións varias sobre temas varios. Non é un segredo

que a súa cultura musical recolle un espectro amplo de estilos, uns con máis agrado que outros por parte del. Entrevistámolo aquí sobre o último poemario *O gran rexeitamento*. Flores para Albert Ayler, é unha continuidade que recolle as diferentes impresións producidas polo jazz do músico afroamericano Albert Ayler mesturadas coas impresións que rodearon algúns acontecementos propios e non tan propios vividos polo autor, na opinión de quen asina esta entrevista.



-Un dos primeiros versos menciona “estruturas que colapsan”. A música de Ayler nace no medio dun mundo que parecía colapsar e mesmo parecen seguir colapsando.

É unha maneira de velo. Todo o libro xoga un pouco coa música de Ayler, as circunstancias históricas en que foi creada e o momento actual. É un xogo constante entre eses tres planos históricos e temporais. Entón claro, podes facer a lectura neses tres niveis. As estruturas que colapsan son tanto as da música, do jazz neste caso, porque el as facía rebentar por todas partes. Ao mesmo tempo estaba inscrita nese “gran rexeitamento” do que falaba Marcuse, que utilizo para contextualizar o libro e ao mesmo tempo é a demolición controlada á que estamos asistindo nas nosas condicións de vida.

-A pantasma de Ayler non é unha desas fantasmas académicas, non foi el mesmo absorbido por unha academia”?

Non exactamente. O uso da palabra fantasma tamén ten que ver co uso que fago cos títulos das súas cancións e dos seus discos, usa moito “gosht”. A min tamén me serve para xogar coa primeira frase do Manifesto Comunista: “unha fantasma percorre Europa”. Gústanme todos eses xogos de

evocacións, intentar darlle profundidade ás palabras pero non no sentido abstracto, senón no concreto, que teñan capas de significados e que remitan a outras historias. Pero non creo que Albert Ayler fose aborrido pola academia. Ao contrario que outros músicos que se inscribiron no chamado “free jazz”, que dalgunha maneira eles mesmos eran proclibes a iso. Dalgunha maneira Albert Ayler aínda que non fose alguén moi politizado nin que fixese moita bandeira diso, si que dalgunha maneira foi dos máis rebeldes. Creo que a súa praxe e a súa música non foron succionadas nin foron normalizadas. Outros músicos como Anthony Braxton que foi profesor despois, si foi absorbido. Pero tampouco é un xeito de valor.

-Non hai como un ataque aos “quintacolumnistas” da arte desde a música e actitude de Ayler?

Creo que non o facía moi explicitamente. El era moi singular, era unha persoa cun mundo propio. Sempre digo que a súa música é estraña porque soa ao mesmo tempo como se fose primitiva e futurista, como se tivese un pé no pasado e outro no futuro. Ao principio non é freejazz senón unha música máis abstracta,

atonal, que todo o tempo está remitindo á música dos negros americanos, ás súas raíces, á súa cultura e as súas loitas, e por tanto, como unha banda sonora do movemento de emancipación negro. Pero todo isto tamén pode lerse como recollida de ecos do momento actual, da poesía actual. A música de Ayler non recibira moi boas críticas no seu momento, tardou en ser aceptada como o seguinte paso na evolución do jazz. Agás por algúns músicos como Amiri Baraka que é o poeta autor dunha das dúas citas do libro. Baraka foi o primeiro en ver o desafío artístico e político da música de Ayler e que destapaba esa quintacolumna conservadora que había na crítica de jazz.

-Albert Ayler tardou, como dixeches, en ser recoñecido, había como un freo á súa obra.

El vaise para Europa e grava os primeiros discos en Suecia. Logo cando volve aos EE UU e grava cun selo moi particular Espdisk, que é Discos Esperanto, é unha discográfica que non só tiña jazz, incluía rock e outros estilos. Máis adiante, John Coltrane, no seu labor de músico de jazz no seu momento, impagable labor de apadriñamento de músicos novos, axúda a Ayler que Impulse, o grande selo discográ-

fico, edite os seus discos. Impulse, como todos os grandes selos discográficos era propiedade dun xudeo. Desta maneira pode entrar noutro circuito e de feito a partir do ano 1966 xa edita os seus discos en Impulse, a pesar de que a súa música segue a ser incomprendida pola crítica. Existe por exemplo ese disco “New Grass” un intento de facerse comercial, unha peza moi rara. Hai quen di que Ayler era o Espírito Santo do jazz.

-Hai un verso no que falas “do reloxo do home branco”, mudou ese reloxo ou segue sendo o mesmo?

Aí hai unha referencia a un texto de Walter Benjamin, cando fala das distintas temporalidades, que o tempo baleiro é homoxéneo dentro do capital fronte ao tempo, non o di así, pleno de revolución. Era unha referencia lembrando que na Revolución Francesa, os revolucionarios disparaban aos reloxos. Non sei se é así a imaxe, pero é moi bonita e moi sugestiva e moi explicativa. Entón iso quere dicir que os subalternos non teñen a mesma concepción do mundo que teñen os dominadores ni tampouco teñen a mesma concepción do tempo.

-“As armas que decidiron a xeografía das illas, os xacobinos negros” moi haitiano este verso.

O xogo de referencias do libro é moi amplo. Hai un libro de Marcuse que se chama Ensaio sobre a liberación do ano 1969, no que el di que a época do rexeitamento nos EE UU son os anos sesenta e aí enmarca todas as litas e combates contra o establishment, desde o movemento feminista radical, o movemento obreiro organizado e o de emancipación negra. A min parecíame que o freejazz formaba parte dese grande rexeitamento pero eu tentei amplialo, por iso introducín o movemento xacobino, un deses momentos que lle dan sentido aos séculos e séculos de combate pola liberdade.

-Jazz como liberación e logo como un selo de distinción case elitista.

Si, si. É así, é curioso porque o freejazz, con toda a sona que ten de música difícil estaba moi encardinada nos movementos sociais, pero non como banda sonora senón que tocaban nos centros sociais da época, non eran admitidos nos escenarios habituais do jazz e tocaban nos centros dos Panteras Negras. O último concerto gravado de Coltrane, foi nun centro de cultura africana. Coltrane na súa segunda etapa de música máis rompedora, non o querían nos sitios máis habituais. Tivo que ir aos centros socioculturais do movemento negro.

Evega presentou en Sober o uso das tecnoloxías do frío na elaboración do viño

A Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (Evega), centro dependente da Consellería do Medio Rural, organizou o 22 de marzo as primeiras xornadas técnicas de 2018, sobre o “Uso do frío na elaboración de viño. Innovacións e tendencias”. Na celebración colaboraron o Concello de Sober, o Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra, a Fundación Juana de Vega e o Instituto Galego da Calidade (Ingacal).

A utilización do frío supuxo un salto cualitativo na historia da alimentación e trouxo canda si unha mellora na calidade de vida do home. Hoxe en día tanto a refrixeración como a conxelación teñen un amplo abano de aplicacións na industria alimentaria, que vai dende a preparación dos alimentos ata a súa conservación e transporte.

Na industria vitivinícola úsase a maceración en frío dos bagos denantes do prensado (maceración pedicular) para obter mostos máis ricos en aromas a partir dos compoñentes que están na pel, un método especialmente importante en castes aromáticas



A xornada celebrouse no centro sociocultural de Sober (Lugo).

como as galegas. A refrixeración durante este proceso de maceración faise para atenuar a extracción de compostos fenólicos. Cada caste ten un tempo óptimo de maceración estimándose entre as 9 e as 12 horas. Pola súa banda, a conxelación na vendima a temperaturas comprendidas entre os -3 e os -6 °C produce concentración de azucre no mosto, ademais de mellorar o contido en aromas varietais do produto final.

Unha técnica que se usa para elaborar viños doces é o Eiswein ou viño de xeo, obtido a partir de mostos prensados de vendimas tardías e cuxos bagos se conxelan na propia viña polos fríos do inverno.

Os obxectivos desta xornada

foron establecer un foro no que se amplíen os coñecementos sobre a tecnoloxía do frío aplicada á industria alimentaria; profundar no coñecemento das elaboracións de viños con base na utilización do frío; coñecer a importancia do uso do frío para mellorar a calidade aromática do viño e, en derradeiro lugar, aprender a diferenciar entre os viños de xeo, os crioconcentrados e o criomacerados. Asemade, no marco destas xornadas, varias adegas galegas expoñeron as súas experiencias neste tipo de elaboracións e unha adega de Palencia presentou o seu viño de xeo. A xornada rematou cunha cata de viños elaborados con distintas técnicas con base no frío.

Xornada formativa sobre grandes lumes

Celebrouse en Lugo una xornada técnica sobre grandes lumes na que participaron máis dun centenar de axentes e técnicos do operativo de prevención e extinción de incendios. O delegado territorial explicou que o obxectivo desta xornada “é aprender da nosa propia experiencia e detectar acertos e erros a diferentes niveis de coordinación experimentados durante a extinción de grandes incendios”, nos

que se precisa dun ataque ampliado que con frecuencia integra a diferentes organizacións implicadas na seguridade cidadán. Esta xornada celebrárase nas catro provincias e dará lugar a un documento de conclusións con medidas correctoras que poidan contribuír a unha mellor eficacia na extinción dos grandes lumes, que se fará chegar a todo o persoal implicado na loita contra os incendios forestais.



A xornada celebrouse na Delegación da Xunta.

Melloras para a asociación de pensionistas de Chantada

A Deputación colabora con 14.000 euros para dotar ao local social da asociación de pesionistas El Enjambre de Chantada dun novo sistema de refrixeración e aire acondicionado, en beneficio dos máis de 200 membros deste colectivo. No acto de sinatura de dito convenio de colaboración participou ademais do deputado de Relacións Institucionais, Álvaro Santos, a presidente da asociación, M^a Luz Varela Rodríguez. Trátase dunha obra moi

necesaria pois, durante os meses de verán, as altas temperaturas impiden desenvolver con normalidade as actividades diarias que dito colectivo realiza.

Santos Ramos destacou que “decidimos colaborar con esta asociación debido á grande cantidade de pensionistas que día a día se achegan a este local social a desenvolver actividades gratuítas nas que poden participar calquera pensionista da asociación, indistintamente da súa renda”.

“Na Deputación estamos convencidos da necesidade de mellorar o día a día dos nosos maiores. Pero a pesares deste esforzo, é preciso que o Partido Popular dende Goberno Central poña fin a súa política de recortes no sistema público de pensións, co obxectivo principal de garantir unha calidade de vida mínima aos nosos maiores. As políticas de dereitas do PP condenan aos pensionistas a unha conxelación das súas retribucións, con aumentos ridícula como o do 0,25%, moi



Sinatura con convenio no Concello de Chantada.

por debaixo da subida do IPC, implicando unha perda do seu poder adquisitivo nos últimos 10 anos do 17,5%. Pero en Galicia, onde as pensións son as máis baixas do estado, a situación agrávase inda máis pois o aumento do IPC foi do 2,1%, facendo que perdan uns

200 euros só no durante este último ano”, apuntou.

É por iso que os socialistas defendemos unha actualización das pensións que poña fin aos recortes do PP, na que se contemple, como mínimo, unha subida do 1,6% das mesmas”, destacou.

Galicia

Redacción

Responsables sindicais e técnicos desmontan as mentiras do PP dí o PSdeG

O deputado de Goberno Interior, Miguel Ángel Sotuela Varela, destacou que “o Partido Popular é responsable do grave ataque a todos os traballadores da Deputación de Lugo que supón o bloqueo da Relación de Postos de Trballo (RPT); só a absoluta irresponsabilidade do PP, á que nunca nos daremos acostumado, explica o torpedeo dun acordo unánime pactado, por primeira vez en décadas, coa totalidade da representación sindical nesta Deputación”. “Esta é unha nova mostra da irresponsabilidade política do PP, que xa ten dado probas co seu abandono aos veciños desta provincia, de que non entende a política como unha ferramenta para mellorar a vida das persoas senón como instrumento para a defensa dos seus intereses partidarios”.

“A votación da RPT no último pleno só consistía en ratificala coas melloras incorporadas tras o período de alegacións, pois xa fóra aprobada en decembro cos



O deputado provincial e alcalde de Ribas de Sil, Miguel Sotuela.

votos do PSOE e BNG, e a abstención do PP. É máis, non habendo ningunha dúbida, en decembro os grupos da oposición rexeitaron debater este asunto no Pleno da Deputación”.

“O PP retratouse na Deputación de Lugo”, destacou Sotuela e deu un novo exemplo de cal é a súa maneira de facer política, ao bloquear, por puro capricho e sabendo que prexudicaba a todos os traballadores, a RPT pactada coa totalidade dos sindicatos que os representan (UGT, CC.OO, CSIF e CIG)”. O PP e

a súa Voceira, Elena Candia, deixan en evidencia o seu cinismo cando intentan xustificar o seu non ao documento pactado coa representación sindical. O cambio no seu voto respecto do Pleno de decembro, no que o PP se abstivo, non se debe á falta de informes ou de seguridade xurídica, pois en reiteradas ocasións e de xeito detallado e persoal llo trasladaron e amosaron os técnicos da Deputación, que, coma sempre, estiveron á disposición de todos os grupos da corporación”.

Un policía local denuncia ao Concello de Ourense

Un policía local denunciou ao goberno municipal de Ourense pola presunta ilegalidade cometida na instalación dunha gran pantalla na vía pública, infrinxindo a normativa vixente. En total son catro as pantallas dixitais xigantes que xa contan co soporte, para o que se tivo que proceder a realizar un buraco na propia vía pública.

O denunciante sinala que despois de presentar un escrito de queixa, sen que se adoptase unha decisión respecto diso, no que en principio non tiña de recorrer a súa localización, senón soamente a orientación das pantallas pola “gravidade

que ten sobre o tráfico” nesas zonas da cidade, decidiuse a formalizar unha denuncia.

Na devandita denuncia, o axente argumenta que a localización das pantallas estaría a incumprir varios artigos das normativas tanto nacional como autonómica da Lei de Accesibilidade e non Discriminación, o que lle leva a solicitar ao Concello, en base á lexislación vixente o seu estrito cumprimento, que proceda á retirada desa pantalla e o seu soporte, que se colocou na beirarrúa, por estar nun itinerario peonil, e ante o risco real de que algún peón poida chocar contra o mesmo.



MUPI instalado na rúa Avilés de Taramancos con Pardo de Cela.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B · 36860 PONTEAREAS · T. 986 66 00 00 · F. 986 66 01 03

Oca Hotels tamén estará en Cataluña

Oca Hotels continúa co seu plan de expansión por todo o país, firme na súa aposta polo crecemento da cadea hostaleira, así o expuxo Ramón Braña, director xeral, na convención anual do grupo que se celebrou en Oca Vila de Allariz hotel & spa.

O seu plan de ampliación desenvólvese baixo as súas dúas marcas, Oca e Duerming. No mesmo non só procederase á compra ou arrendamento de novos establecementos, senón que tamén se traballará en firme sobre a xestión me-

dante franquizados. O grupo xa conta con 23 establecementos hostaleiros, aos que recentemente se sumou Oca Rocallaura, situado no provincia de Lleida e co que comeza a súa andaina por Cataluña.

Un dos temas importantes da Convención versou sobre a importancia das técnicas de traballo en equipo e a comunicación entre os distintos establecementos hostaleiros. Como punto de inicio, os participantes na convención desprazáronse ata a Estación de Esquí de Manzaneda para ce-



Personal de Oca Hotels nas instalacións de Allariz.

lebrar unha xornada en común. A convención contou coa participación de relatores externos como Moncho Fer-

nández, adestrador do Obradoiro Baloncesto (Liga ACB) que, precisamente, expuxo unha charla sobre a dirección

de equipos. Tamén se falou sobre márketing, normativas e procedementos, entre outros asuntos.

El Carmen abre un centro piloto de enfermedades ultra raras

O hospital Centro Médico O Carmen e a asociación Anasbabi Ciliopatías uníronse para crear en Ourense a primeira Unidade Avanzada integral de Enfermidades de orixe xenética de Galicia, coñecidas como Enfermidades “ultra raras”, as cales inclúen a as Ciliopatías. A Unidade presentouse o 22 de marzo no Centro Médico O Carmen con a presenza de Carlos Rodríguez Morante, xerente do hospital; o doutor José Manuel Gómez Sousa, internista e coordinador de a nova unidade; e José Carlos Pumar Martínez, presidente de Anasbabi Ciliopatías.

Este primeiro centro piloto que abre as súas portas en Ourense, con vocación de continuidade noutros centros, servirá para xestionar unha abordaxe das enfermidades ultra raras con o fin de lograr un diagnóstico o mais áxil e fiable posible. Unha unidade que no só acollerá a pacientes ourensáns, que dará cabida a todos aqueles que necesiten confirmar si sofren unha enfermidade rara o ultra rara e,

de ser o caso, entrar nunha canle asistencial preferente, o cal permitirá unha atención multidisciplinar avanzada, incluíndo diagnóstico Xenético Preimplantacional, e apoio psicolóxico.

O hospital Centro Médico O Carmen será a primeira porta á que poidan chamar os afectados. Atoparán unha canle clínica e de asesoramento xenético a través do que centralizar todas as súas necesidades, dúbidas e información acerca da súa enfermidade.

Formación a profesionais

A Asociación Anasbabi encargárase do apoio e formación dos especialistas de Centro Médico O Carmen, así como de supervisar a implementación dos procedementos nunha vía de alta velocidade e alta capacidade, de forma que cando reciban a un posible paciente de enfermidades ultra raras sexan capaces primeiramente de sospeitar e posteriormente diagnosticar ante que enfermidade estase e por tanto poder anticiparse a as súas patoloxías asociadas, derivando a os es-



Carlos Rodríguez Morante, no centro, con José Manuel Gómez Sousa e José Carlos Pumar Martínez.

pecialistas correspondentes. “A rapidez, organización e coordinación do equipo multidisciplinar no diagnóstico é fundamental para evitar as complicacións producidas para identificación tardía das Ciliopatías, o calquera enfermidade destas características”, afirma José Carlos Pumar.

“O diagnóstico e abordaxe dunha enfermidade ultra rara é multidisciplinar”. No hospital os afectados recibirán un diag-

nóstico xenético e un tratamento asistencial especializado avanzado completo. Ademais, a Asociación Anasbabi, situada en o propio hospital, ofreceráalles tanto a eles como a as súas familias un acompañamento, asesoramento e soporte ao ancho de todo o proceso. “Ningún paciente, ningunha familia sentirá soa”, sinala Carlos Rodríguez Morante.

Con este acordo, no hospital Centro Médico O Carmen coló-

case á cabeza en dar resposta en enfermidades ultra raras en Ourense, prestando atención a estes afectados e as súas familias, os cales tardan en obter un diagnóstico certo unha media de 10 anos. Así mesmo, “Anasbabi pon a disposición de quen o necesite un primeiro centro de referencia dentro da súa oferta asistencial e colócase como unha Asociación de referencia nestas enfermidades”, sinala o seu presidente.

A UNED convoca un curso sobre protocolo para os novos tempos

Os próximos 20 e 21 abril desenvolverase o V curso de extensión universitaria sobre “O novo protocolo para os novos tempos”, convocado pola UNED, en colaboración coa delegación territorial en Galicia da Asociación Española de Protocolo e que se desenvolverá no Centro Cultural “Marcos Valcárcel”. Este ano estará dedicado ao tema: “As redes sociais e as ferramentas tecnolóxicas informáticas ao servizo do Protocolo e os eventos”. Terá unha duración total de 20 horas lectivas presenciais. O prazo de matrícula conclúe o 18 de abril.

O obxectivo do curso é adecuar o Protocolo aos avances tecnolóxicos. A súa xestión e organización necesita uns instrumentos que contribúan a socializar os seus contidos e que permitan a súa expansión. Protocolo é Comunicación: Internet. O ciberespazo. O universo das tecnoloxías de información e comunicación. Ferramentas como novas tecnoloxías informáticas que permiten unha mellor organización e que axudan a obter mellores resultados. Hardware e Software ao servizo do Protocolo.

Programa

O curso comeza o día 20 de abril ás nove da mañá coa intervención

de Juan José Feijoo Sánchez, delegado Territorial en Galicia da Asociación Española de Protocolo e coordinador do curso quen falará sobre “Os novos espazos protocolarios. A era dixital”. A continuación, Javier Ubeda Vermello, deseñador e programador web en molamiweb.es. Membro

AEP expoñerá “A web. Principal xanela a todo evento”. A sesión da mañá conclúe cun debate con ambos os relatores. Pola tarde, ás catro, intervén Mar Castro, Formadora, asesora e presentadora e presidenta de Sociedade de Comunicación Vila e Castro. Disertará sobre “Pagas unha peaxe por vivir conectado?”. Ás seis intervén novamente Javier Ubeda co tema “Caso práctico: Asociación Española de Protocolo. De 0 a máis de 3.800 seguidores en 8 anos”. O sábado día 21, ás nove da mañá, Pablo Feijoo Pascual, community manager e produtor audiovisual, explicará “Streaming, outra forma de visualizar os actos”, unha sesión que levará a



Juan José Feijoo, delegado en Galicia da Asociación Española de Protocolo.

cabo en directo a través dunha canle de Youtube. Ás 11.30, Branca Otamendi Ozores, asesora e profesora de Protocolo e ex-community manager da AEP falará sobre “As redes sociais ao servizo do Protocolo”. A sesión de tarde do sábado día 21 comeza ás catro co relatorio de, Gonzalo Albito Méndez Rey, analista-programador de Software en Xeridia Servizos IT e Solucións Tecnológicas-Parque Tecnolóxico de León, quen se referirá á “Xestión dixital de datos”. A continuación, Juan Anxo Gato Gómez, presidente da Asociación Española de Protocolo pronunciará a charla de clausura. Tras o debate, procédese a clausúraa oficial do curso.

Montederramo renovará infraestruturas eléctricas

O presidente da Deputación de Ourense, Manuel Baltar, visitou o municipio de Montederramo, dentro da rolda de visitas que está a realizar polos concellos da provincia de Ourense. O alcalde de Montederramo, Antonio Rodríguez, recibiu ao presidente do goberno provincial na Casa Consistorial, para abordar temas de cooperación entre ambas administracións para o desenvolvemento de proxectos en materia de Infraestruturas e para a adquisición de maquinaria. Trala xuntanza, visitaron o mosteiro así como infraestruturas eléctricas que tamén serán renovadas coa axuda da Deputación de Ourense.



Baltar e Rodríguez na Praza de Montederramo.

“Hai mil motivos para afirmar con total rotundidade que estamos perante o peor alcalde da historia de Ourense” sostén Ourense en Común.

Cumpríronse mil días desde que o Partido Popular, con Jesús Vázquez á fronte, entrara como goberno no Concello de Ourense; un aniversario que Ourense en Común avalía como “mil días perdidos, de parálise total” e polo que solicitarán, co respaldo dos edís do grupo socialista no Concello, un pleno extraordinario sobre o estado da cidade, no que o alcalde e o seu equipo expliquen o motivo polo que “levan mil días sen facer cidade, pero facendo negocio”.

En rolda de prensa o voceiro do grupo enumeraba as “responsabilidades sen acometer deste equipo de goberno”, para concluír con rotundidade que “es-

tamos perante o peor alcalde da historia de Ourense”.

Ourense leva mil días sendo a única cidade galega sen orzamentos, sen Plan Xeral de Ordenación Municipal nin políticas de vivenda pero “tecendo un pelotazo urbanístico” sen oferta pública de emprego pero con emprego para Javier Rodríguez Nóvoa, “enchufado para manter o caciquismo no Concello”, sen ordenanza de veladores nin de accesibilidade, sen unha sola peonalización nin acción estratéxica de humanización e pacificación do tráfico, sen solucionar o problema dos colectores soterrados, con talas indiscriminadas no arboredo, e un Montea-

legre convertido nun xardín “namentres os xardíns están convertidos en monte”, sen novos pregos para o transporte público, a ORA ou os semáforos, prorrogando “contratos con empresas como Vendex, implicada na Pokemon”, sen implementar nin unha soa acción do plan turístico redactado pola Universidade de Vigo –polo que se pagou 11.000€ “para telo gardado nun caixaón”-, etc...

Martiño Xosé Vázquez facía ademais mención á edil responsable de “desgovernar” os Servizos Sociais na cidade, Sofía Godoy, “incapacitada para o servizo público”, logo tachar ao feminismo de androfobia, suprimir o programa de



Martiño Xosé Vázquez Mato, portavoz de Ourense en Común.

conciliación familiar, e deixar de sen axudas escolares a 3 de cada 10 familias que tiñan acceso a elas.

Cultura asina convenios cos alcaldes de Montederramo, Entrimo e Celanova

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria investirá preto de 600.000 euros en obras de mellora do patrimonio cultural na provincia de Ourense que atinxen ao mosteiro de Montederramo, a ponte Pedriña en Celanova e a ponte do Casal en Entrimo. O conselleiro Román Rodríguez, asinou os respectivos convenios de colaboración cos alcaldes de Montederramo, Antonio Rodríguez; de Celanova, José Luís Ferro; e de Entrimo, Ramón Alonso López; a través dos cales o departamento de Cultura se encarga de acometer as obras e os concellos poñen a disposición os terreos e inmobles necesarios para a execución das obras de restauración.

Mosteiro de Montederramo

Segundo o convenio asinado, a Consellería de Cultura investirá un total de 435.150 euros nunha serie de actuacións derivadas do plan director do mosteiro de Montederramo encamiñadas a mellorar a accesibilidade a este ben. Deste xeito, procederase ao acondicionamento da sancristía co renovado de instalacións, eliminación de humidades do terreo, restauración das carpinterías e mellora da ventilación e á restauración das plantas baixa e alta do claustro seclar. Nesta última incorporárase unha plataforma elevadora para garantir a accesibilidade ao coro.

Así mesmo realizaranse melloras no espazo da escaleira reglar, a limpeza de paramentos, da bóveda, a renovación de rexuntados, das carpinterías e nova instalación eléctrica e de iluminación. No patio do claustro realizarase unha intervención no cumio da cuberta do patio para reducir o soleamento e mellorar a ventilación dese espazo no verán para evitar o efecto invernadoiro. Tamén se colocarán toldos e lonas móbiles para tratar convenientemente a radiación e a acústica do recinto. Na sala capitular realizaranse la-



Alcalde de Montederramo, conselleiro, alcalde de Celanova e alcalde de Entrimo asinando o convenio.

bores de limpeza e repaso dos paramentos e bóvedas, e renovaranse as instalacións e restauraranse as carpinterías. Finalmente colocárase un ascensor no vestíbulo que conecta os claustros e reordenaranse os aseos que existen nesa zona.

O mosteiro de Montederramo -que é monumento BIC desde o ano 1951- está composto por unha igrexa, dous claustros situados ao sur dela e as súas dependencias monacais.

Ponte Pedriña en Celanova

No caso do acondicionamento da ponte Pedriña, en Celanova, a Consellería investirá un total de 130.000 euros na súa consolidación estrutural. Os traballos, que terán unha duración estimada de cinco meses, inclúen a limpeza da vexetación e un estudo xeotécnico que achegue datos sobre o tipo de terreo de asentamento e composición da cimentación do arco, co fin de deseñar a proposta de obras de consolidación e reparación máis axeitada. Así mesmo, restituírase o pavimento da calzada e os peitorís, e canalizaranse as tubaxes de servizos que están colgadas na ponte. Incluída no Inventario de Pontes Históricas de Galicia, a ponte Pedriña, sobre o río Orille, une as parroquias de Orga e Mourillóns, no concello de Celanova. A fenda que presenta

na súa bóveda fai necesaria unha actuación de consolidación da súa estrutura como a que agora se vai levar a cabo.

Ponte do Casal en Entrimo

A terceira das actuacións refírese á ponte do Casal, en Entrimo. Segundo o convenio asinado hoxe co alcalde da localidade, Cultura achegará preto de 15.000 euros para reparar os danos na fábrica e a mellora da impermeabilización da calzada da ponte. Así, está prevista a reparación da cimentación das pilas e tallamares descalzados así como a reposición de pezas de cantería e o recheo do seu trasdós. A ponte de Casal (tamén coñecida como ponte vella do Pacín) sobre o río Pacín, está situada no lugar de Casal, na parroquia de Santa María a Real de Entrimo. A súa construción está datada entre os séculos XVIII e XIX, e está incluída no Inventario de Pontes Históricas de Galicia.

No seu día estivo protexida por uns peitorís de pedra que foron substituídos por unhas varandas de postes metálicos. A patoloxía que presenta afecta principalmente á punta do tallamar, xa que perdeu varias pezas na base e na súa coroación, e a densa vexetación que cobre a ponte tamén está danando a base das cepas; o que fai necesaria esta actuación.

Aprazadas máis de 1.300 vistas nos Xulgados de Ourense

A pelota está no tellado da Xunta, é a que ten que chamar para facer unha oferta", advirten os sindicatos despois da reunión errada e ante as posturas afastadas sobre o incremento salarial que reclaman os funcionarios de xustiza para equipararse con outras comunidades. A Xunta acepta subir entre 108 e 135 euros pero non inmediatamente. Os traballadores piden 180 euros de maneira inmediata. En Ourense houbo asemblea a finais de marzo e o sentir maioritario é o de "resistir". Os funcionarios mostraron o seu descontento co desconto que sufriron nas súas nóminas por sumarse á folga. Para os que fixeron servizos mínimos pechouse o período de cómputo o 5 de marzo pero para os que subscribiron a protesta, o 9. Hai descontos de ata 1.000 euros e salarios rebaixados a 400, segundo o sindicato Alternativas na Xustiza- CUT.

O paro, que xa excede os 50 días, obrigou a cancelar, por exemplo o martes 27 de marzo, un total de 22 vistas programadas nun só xulgado: o Social Número 2. Son máis de 1.300 desde o inicio da protesta. Ás suspensións únese a paralización de boa parte da actividade e o atasco que se aveciña, de meses. Moitos xuízos non poderán celebrarse ata finais de ano ou inicios de 2019, especialmente no xulgado do Mercantil. Os sociais teñen a axenda de señalamientos pechada. O comité de folga vaticina señalamientos cando non haxa folga pola imposibilidade de procuradores e avogados de asistir a dúas vistas á vez.



Unha das manifestacións na sede dos novos Xulgados, no Couto.

Novas da Raia

Redacción

Os deputados do PSdeG-PSOE, Julio Torrado e Patricia Vilán, reclamarán melloras para o Centro de Saúde de Ponteareas

O Psg-psoe denuncia “problemas graves” de persoal nos centros de saúde que provocan “perda de calidade” na atención aos doentes. Os deputados puideron constatar as “deficiencias” que padece a Atención Primaria nesta bisbarra, comúns a “toda Galicia”, motivadas polos “recortes” e polo “desinterese” da Xunta.

Acompañados pola Secretaria Xeral dos socialistas de Ponteareas, Chus Garrote, Torrado e Vilán recolleron as demandas dos profesionais sanitarios do Centro de Saúde de Ponteareas, polas deficiencias graves” de

persoal, relacionados coa non cobertura das baixas e as xubilacións, que redundan nunha “saturación” dos profesionais. A modo de exemplo, sinalou que cada médico atende ao día “uns 40 ou 50 doentes”, de xeito que apenas contan cuns cinco minutos por persoa.

“Pérdese calidade na atención”, denunciou Torrado, quen explicou que esa marxe é “insuficiente” para facer unha valoración e que todos os informes e análises médicos sinalan que o “mínimo” necesario é de dez minutos por doente, é dicir, o dobre do tempo co que contan actualmente. La-

mentou que a máquina de raios do centro de saúde estea “parada” polas tardes pola ausencia dun técnico. As probas necesarias teñen que ser derivadas ao hospital de Vigo. Así mesmo comprobaron que os centros de saúde mostran “un déficit de mantemento” que se traduce en “graves problemas de accesibilidade”, para as persoas en cadeira de rodas. Observaron como algúns baños foron “reconvertidos” para abrir novos espazos de atención aos pacientes.

Criticaron que unha bisbarra con máis de 50.000 habitantes conte cunha soa ambulancia



Julio Torrado e Patricia Vilán en Ponteareas.

para atender unha poboación tan espallada e envellecida.

Os socialistas presentarán iniciativas no Parlamento de Galicia para esixir á Xunta

que solvete a problemática da dotación de persoal, que mellore as infraestruturas sanitarias e o transporte sanitario terrestre.

Preparando o vindeiro Pleno Infantil no Porriño

Alcaldesa, Eva García de la Torre, e a concelleira de Educación, Lourdes Moure, reuníronse este xoves cos voceiros e voceiras de cada un dos centros de ensino, para preparar un novo pleno infantil.

O Concello do Porriño continúa así co proceso iniciado o pasado ano, no que nenos, nenas e adolescentes dos distintos centros públicos da vila, teñen oportunidade de expresar a súa opinión sobre aqueles aspectos que mais lle preocupan, así como tamén facer as propostas de solucións que consideren.

Trátase dun paso mais na consolidación dun órgano estable de participación infantil a nivel municipal, que colabore no deseño das políticas locais que lle afecten mais directamente.

Os nenos, nenas e adolescentes do Porriño terán oportunidade de traballar os contidos do próximo pleno infantil en obradoiros de participación que se realizarán nas aulas de cada un dos centros, co apoio de persoal especializado, para mais



tarde achegar as súas propostas a un pleno que terá lugar o próximo mes de abril.

No orde do día da xuntanza deste xoves coa alcaldesa, está entre outros asuntos a presentación dun borrador de regulación do futuro Consello Municipal de Infancia e Adolescencia, así como respostas e explicacións as preguntas feitas no anterior pleno infantil.

Esta iniciativa enmarcase na candidatura do Concello do Porriño ao recoñecemento como Cidade Amiga da Infancia, promovido por UNICEF, en colaboración coa Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), e que trata de poñer en marcha políticas locais de in-

fancia que melloren o benestar impulsando actuacións que garantan o desenvolvemento integral de nenos, nenas e adolescentes, e dos seus dereitos.

Este programa aséntase na promoción da participación infantil e adolescente, e o impulso de alianzas entre todos os actores relacionados coa infancia a nivel municipal para avanzar no camiño da mellora no cumprimento dos dereitos de nenos, nenas e adolescentes no ámbito local, focalizando accións de inclusión e cohesión social no ámbito local, atendendo aos grupos máis vulnerables. É dicir, realizar un esforzo para protexer aos nenos e nenas que corren maior risco de “quedar atrás”.

Por fin chegaron as melloras das zonas das Angustias e Costilleta, en Mos

A tan esperada obra de humanización da zona do Costilleta e As Angustias xa comezou, e xa ía sendo hora, xa que esta obra xa leva dando voltas desde o ano 2011.

Pero o que debe ser una alegría, está sendo desesperante, xa que o volumen de traballo comezado é ridículo. Só están traballando un grupo de persoas na Rúa Progreso, pero no resto non hai ninguén. Unha obra que ascende a un millón de euros e resulta que só hai uns poucos traballadores.

A parsimonia deste comezo non ten explicación, a non ser que se queira alongar ate cerca das elec-

cións para facer un uso electoralista da obra. "Desde o BNG esiximos que se aceleren os traballos, e que a empresa adxudicataria poña maquinaria e traballadores para acabar canto antes."

Desde o BNG xa houbo que avisar ao goberno do mal estado das baldosas na zona da rotonda das Angustias para que puxeran un remedio provisional dado o perigoso da situación.

Xa hai diñeiro para a obra así que non hai escusa para non facela canto antes. Aceleren o traballo o máximo posible, A seguridade dos cidadáns é o primordial

EU alégrase de non ter entrado no goberno de Ponteareas

O venres 16 de marzo, Esquerda Unida de Ponteareas celebrou un foro no Auditorio Municipal coa intención de achegar á cidadanía o traballo desenvolvido dende xuño de 2015, data na que por vez primeira esta agrupación obtivo representación no concello.

Os relatores foron Lino Costas, coordinador e concelleiro de EU-son, e Patricia Pardo, a responsable de organización de EU Ponteareas.

Na presentación deixaron clara a súa posición feminista, ecoloxista e pola defensa da clase traballadora. Esta liña política, afastada das políticas de BNG, PSOE e ARDT foi a prioridade na decisión de non entrar a formar goberno con estes partidos. A día de hoxe, manifestaron, queda demostrado que estaban no certo.

De xeito ameno e moi próximo faláron das diversas propostas presentadas e aprobadas



no pleno municipal, o apoio ás diferentes mobilizacións cidadás, á participación activa para mellorar os servizos sociais da vila, e a defensa das traballadoras e traballadores do municipio entre outras.

Por outra banda, lembraron tamén a oposición total que tivo esta agrupación a situacións vergoñentas propiciadas polo actual goberno tripartito: como a concesión da medalla de ouro ao franquista, inhabilitado e condenado ex alcalde José Castro, o intento de privatización da estación de autobuses, os excesos do PXOM

actualmente paralizado, ou a irresponsabilidade do alcalde nas recentes verteduras de lindano.

Destacaron o sorprendente afán privatizador desta Xunta de Goberno, que lonxe de tentar estudar as formas de remunicipalizar os servizos, conseguen superar ao PP privatizando por máis anos e por máis cartos.

O público asistente interesouse sobre todo nos servizos públicos, no mal estado das rúas da vila e na precariedade laboral das traballadoras e traballadores municipais.

Esquerda Unida de Ponteareas denuncia represalias na escola infantil

Esquerda Unida denuncia que ante as reclamacións das traballadoras da Escola Infantil Municipal, a concelleira de benestar pretende negarlles o dereito de utilización do comedor da escola.

Deste xeito, a semana pasada colocouse na Escola Infantil unha advertencia na que se indica que a partir do 18 de marzo, o persoal “non come na escola infantil municipal”.

As traballadoras da Escola Infantil iniciaron a finais de 2017 unha serie de reclamacións para que se lles recoñeza a categoría de “técnico de puericultura”, xa que no actual cadro de persoal constan como “auxiliar de puericultura”, categoría que xa non existe a

día de hoxe.

Ante as iniciais negativas do concello a este recoñecemento decidiron deixar de facer tarefas a maiores que van máis alá das súas responsabilidades, como son a preparación de festas e outros eventos extraordinarios. Finalmente o concello aceptou incluílas na categoría de “técnico de puericultura” no borrador do novo convenio colectivo a aprobar, pero as traballadoras manteñen a decisión de non facer labores extraordinarios como medida de presión para que isto se manteña na aprobación definitiva.

Esquerda Unida lamenta que en vez de recorrer ao diálogo, o alcalde optara por introducir no horario da escola infantil a

unha empresa privada para dar clases de educación musical e ademais, utilizar a vía represiva negándolles ás traballadoras o dereito de utilizar o comedor da Escola Infantil.

Así mesmo, Esquerda Unida lémbrelle á Xunta de Goberno que este tipo de medidas represivas, ademais de ser propias dun goberno que se di de esquerdas poderían tamén ser ilegais ao estar implicitamente recoñecido no Regulamento da Escola Infantil o dereito do persoal da mesma a utilizar o comedor. Así, no artigo 22 do citado regulamento exponse que “O persoal de coxia é o encargado de atender á comida e á merenda dos nenos/as e do persoal”.

ACIP denuncia a política privatizadora do Concello

Juan Carlos González Carrera denuncia a privatizacións encubertas de servizos básicos, o que xa é unha práctica habitual no goberno tripartito local do BNG-PSOE e Riada do Tea.



“Os veciños comprobamos sorprendidos como unha empresa privada realiza reparacións de beirarrúas cando o Concello dispón dunha brigada de albanels e peóns que sempre se encargaron deste tipo de traballos, cando, ademais, están a punto de entrar novos albanels e peóns a través dos Plans da Deputación,

Solicitada a correspondente documentación comprobamos como as empresas foron contratadas a dedo solicitando un único presuposto. O Alcalde asina estas irregularidades que endosa á Concellería de Vías e Obras. E aínda máis, a empresa contratada ten o seu domicilio en Caldas de Reis o que entendemos como unha


falta de respecto a tantas empresas pequenas como existen neste Municipio con traballadores que son nosos veciños e que pagan aquí os seus impostos e crean riqueza en Ponteareas. Tamén queremos denunciar a falta de medidas de protección cos peóns circulantes pois non fixeron o obrigado carril de protección”

Desde ACiP, segue Juan Carlos Carrera, temos claro que estas non son formas e que sempre denunciaremos estas prácticas que resultan un claro caso de amiguismo por parte do goberno municipal e un claro desprezo a os traballadores e empresas do Concello.

A Valedora do Pobo admite a trámite queixa de ACIP

Voceiro de ACIP, Juan Carlos Carrera, fainos chegar un escrito da Valedora do Pobo como resposta a súa petición de amparo polas reiteradas negativas do

Alcalde a permitirlle acceso a documentación sobre as actividades do goberno local. Documentos que como concelleiro entende que por lei ten dereito a examinar.



Novas da Raia

Redacción

O BNG denuncia que Galiza incumpre a xestión de residuos sólidos

Ana Miranda lamenta o atraso no trámite da Petición presentada pola Plataforma Galega contra a Incineración e pola Reciclaxe en 2014

A eurodeputada do Bloque no Parlamento Europeo, Ana Miranda, participou o pasado 21 de marzo na Comisión de Peticións da que é titular para denunciar que o Goberno galego incumpre a normativa comunitaria en xestión de residuos por non establecer a súa xerarquía e por non realizar medidas de prevención e preparacións para a reutilización e a reciclaxe.

Na súa intervención Miranda lembrou a Petición presentada no ano 2014 pola Plataforma Galega contra a Incineración e pola Reciclaxe, composta por 35 asociacións e organizacións, e queixouse polo atraso que leva esta denuncia. “Tivo que vir o BNG para que este tema sexa tratado por fin na Eurocámara. Queremos que

esta petición se trate o antes posible porque levamos catro anos agardando”.

O Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galiza foi aprobado en 2011 e cofinanciado pola Comisión Europea con 72 millóns de euros. Este proxecto presenta o problema de que promove o modelo de xestión e as instalacións de SOGAMA, e se caracteriza por basearse nun sistema centralizado de tratamento no que os residuos percorren grandes distancias dende onde se xeran ate as instalacións de tratamento, cun alto consumo enerxético na recollida e no transporte.

“Lamentablemente, este modelo ineficiente e contaminante é maioritario en Galiza”, denunciou a eurodeputada do BNG, quen afirmou que o modelo SOGAMA incumpre a apli-



cación da xerarquía de xestión de residuos e diferentes elementos normativos relacionados coa eficiencia enerxética esixida á incineración con recuperación de enerxía para poder considerala como valorización no canto de eliminación. A eficiencia de SOGAMA é moi inferior ao valor mínimo do 0,6% establecido pola Directiva 2008/98/CE de residuos.

Excesivos recursos para a eliminación

Ana Miranda criticou, apoiando a denuncia da Plataforma

galega, que o actual Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galiza (2010-2020) non modifica o plan de 1998 pois continúa a ter unhas instalacións sobredimensionadas e financia a eliminación en vez da recuperación e reciclaxe. Neste sentido explicou que destina 3,4 veces máis recursos económicos a cada tonelada eliminada que a cada tonelada reciclada e 7, 2 veces máis recursos económicos a cada tonelada eliminada que a cada tonelada prevenida. Estes datos significan na prác-

tica que non se acadan os obxectivos de prevención e preparación para a reciclaxe.

Para o BNG “é unha fraude á normativa europea de prevención de residuos, pois non realiza a recollida separada para a valorización e a promoción da reutilización e a reciclaxe”. A estes inconvintes súmanse os altos custes de transporte deste modelo debido á centralización de residuos, ao ter que percorrer distancias de máis de 100 quilómetros.

Isto a súa vez supón un aumento da contaminación oposto aos obxectivos medioambientais europeos, incrementando o cambio climático e pondo en perigo a saúde e o medio ambiente. O Goberno do PP promociona un modelo centralizado en vez de atender ás normativas europeas que obrigan a un modelo descentralizado de tratamento de residuos de proximidade, e consolida un modelo ineficiente e cun gran impacto ambiental.

Aberto o prazo de inscrición para as 102 prazas das dúas escolas infantís públicas de Tomiño

Xa está aberto o prazo de inscrición para acceder ás dúas escolas infantís para nenos de 0 a 3 anos do concello de Tomiño, o único municipio da comarca que conta con dous centros de educación infantil públicos. O concello conta con dúas escolas Galiña Azul pertencentes á rede do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, unha en Tomiño e outra en Goián.

Ata o 9 de abril os pais e nais poden solicitar algunha das 102 prazas (61 en Goián e 41 en Tomiño) que se ofertan nas dúas escolas, tanto de renovación como de novo ingreso. Este prazo ampliarase ata o 8



de maio para casos extraordinarios, como novos nenos e nenas nados neses datas, cambios de domicilio... o que terá que ir acompañado da documentación que xustifique.

Ademais, cada curso resér-

vase unha praza por aula para nenos e nenas derivados dende os Servizos Sociais previa aprobación do Consorcio. A lista provisional con lista de inscritos e lista de agarda será publicada o 9 de maio.

Tuí sumouse o sábado, 24 de marzo, á Hora do Planeta

Por sexto ano consecutivo o Concello de Tuí sumouse á Hora do Planeta, unha iniciativa posta en marcha hai 11 anos pola ONG WWF coa que se pretende concienciar sobre o cambio climático e amosar o compromiso coa defensa do medio ambiente.

En Tuí como acto simbólico o sábado 24 de marzo, de 20.30h a 21.30h apagáronse a iluminación da Catedral de Santa María, como o monumento máis

emblemático da cidade. Amais dende o Concello de Tuí faise un chamamento á cidadanía a sumarse a esta campaña e apagar tamén as luces ese sábado de 20.30h a 21.30h.

A ONG WWF plantexa nos próximos tres anos aproveitar a capacidade do mobilización da Horal do Planeta para sensibilizar ao mundo sobre o cambio climático e perda de vida salvaxe, xa que son dous problemas asociados.



A creación de emprego estará bonificada en Salceda

O Concello de Salceda modificará as súas ordenanzas fiscais para adecuarse ás condicións do “Concello Doing Business”, co que se busca atraer novas empresas, investimentos e emprendedores e, en consecuencia, máis emprego, achegándolles: máis incentivos fiscais, menos papelame administrativo e unha oferta de solo industrial coas mellores condicións que se deron nunca en Galicia.

Deste xeito, o Concello de Salceda de Caselas ofrecerá ás empresas que vaian instalarse no seu territorio rebaixas de ata o 95% no Imposto de bens inmobles, o Imposto de actividades económicas e o Imposto sobre construcións, instalacións e obras.

“Estamos a falar de incentivos fiscais a cambio dun compromiso de creación de emprego por parte das empresas”, dixo Loli Castiñeira, Concelleira de Formación e Emprego, precisando que recibirán ata o 95% de bonificación cando o proxecto im-



plique a creación de máis de 20 postos de traballo; de ata o 75%, cando supoña a contratación de entre 11 e 20 persoas; e como mínimo beneficiaranse dunha rebaixa do 50% nestes impostos se son ata 10 o número de empregos previstos.

A modificación das ordenanzas que dará cabida a estas rebaixas debatirase no Pleno Ordinario do mes de abril, para o cal a Concellaría de Facenda está a xa a traballar na proposta.

Con estas iniciativas o Concello espera poder obter be-

neficios importantes para fomentar a implantación de empresas. Entre outros, a concesión de subvencións destinadas a inversións e gastos nos campos industrial, do emprego e do emprendemento, así como formar parte da marca territorial asociada á Oficina Doing Business.

Cabe lembrar que o Concello de Salceda mantén unha forte aposta polas políticas de emprego centralizadas no CDL do Torrón, dende o que se ofrecen numerosos servizos a empresas e a persoas desempregadas.

Nova empresa adxudicataria do Servizo de Limpeza Viaria en Tui

O domingo, 1 de abril, comezou a prestar o seu servizo a nova empresa adxudicataria do Servizo de Limpeza Viaria no Concello de Tui. Tras o proceso de licitación resultou adxudicataria do servizo General de Asfaltos y Servicios, S.L. (GEASER) por un importe de 210 mil €/ano. O período do contrato será de 4 anos. Deste xeito regularízase a situación deste servizo e se amplía a cobertura

do mesmo á práctica totalidade do casco urbano, segundo explica o concelleiro de Limpeza Antonio Castro. O edil sinala que a principal novidade en canto ao servizo que se viña prestando até o de agora, amais da ampliación do ámbito- está na mecanización de parte dos labores co emprego de maquinaria tanto para o barrido coma para o baldeo das rúas.

En concreto o contrato recolle a limpeza de calzadas,

beirarrúas, contedores, parterres, zonas peonís, así coma o baleirado e limpeza de papelerías, a limpeza de herbas, a limpeza de pintadas e a retirada de carteis colocados en lugares non autorizados, ou de entullos vertidos de forma incontrolada. Tamén contempla limpeza de emerxencia de restos por exemplo deixados por choivas cuantiosas, ou limpeza especiais ante a previsión de celebración de eventos.

Ponteareas non rebaxará o imposto de vehículos tampouco en 2018

O BNG-PSOE-ART levan anunciando e prometendo durante os tres anos que son goberno a rebaixa do Imposto de Vehículos (IVTM), sen a día de hoxe habelo feito.

Temos que recordar aos veciños, que a finais do ano pasado o Goberno levou ao Pleno unha modificación do Imposto de Vehículos na que mantiña unha subida do 6% para os vehículos e dun 12% para camións e motos, e resulta que varios meses despois aínda non foi aprobada definitivamente, co cal durante todo este ano 2018 os propietarios dos vehículos de Ponteareas seguirán pagando un Imposto de Vehículos moito mais alto do que deberían.

Este Goberno está a recadar mais cartos que nunca por este imposto e xa esqueceu as promesas feitas aos veciños e as palabras que sempre utilizaban de “impostos abusivos”. Agora parece que con eles gobernando a visión é outra totalmente diferente.

Segundo Belén Villar, dende o ano 2016 este Goberno está a incumplir cos acordos plenarios en relación a este imposto, porque rematado o Plan de Saneamento as medidas de in-



gresos que nel se aprobaron para pagar as obrigas históricas do Concello debían retornar aos seus valores iniciais, e así o IVTM debía reducirse en base a un acordo que tiña que ser tomado antes de rematar o ano 2016 para que xa durante o ano 2017 os veciños visen reducido o que pagan polos seus vehículos, motos e tractores.

En novembro do ano pasado o Goberno saiu nos medios de comunicación anunciando unha rebaixa no IVTM, cando a realidade é que a rebaixa anunciada non se levou a cabo, e os veciños seguirán tamén pagando durante este ano 2018 o imposto sen ningún tipo de rebaixa, porque temos en Ponteareas un equipo de esquerdas ao fronte do Concello que din unha cousa e logo fan a contraria.

Salceda amortiza 95.000 € de gasto corrente por medio do Plan Concellos

O Concello de Salceda de Caselas amortizou un total de 95.980,58 € de gasto corrente por medio do Plan Concellos 2017 da Deputación de Pontevedra. O gasto correspóndese con facturas do consumo de alumeadado público realizado no ano 2017, e será financiado dentro da Liña 2 do Plan Concellos, que permitía a amortización de gasto corrente.

O gasto anual en alumeadado

público no caso do Concello de Salceda de Caselas ronda os 350.000 € (case un 10% do orzamento anual), polo que esta subvención supón unha grande axuda.

Nos últimos anos lévanse realizado numerosas obras de mellora que permitan reducir o custe deste servizo, fundamental para a veciñanza, e que segue a supor unha importante carga financeira para o Concello.

Novas da Raia

Redacción

Tui prepárase para celebrar dez días de festa na honra a San Telmo



Do 31 de marzo ao 9 de abril a cidade acollerá actividades infantís, culturais, musicais, gastronómicas, deportivas...

O sábado 31 de marzo, comezaron oficialmente as festas na honra a San Pedro González Telmo que se van celebrar en Tui até o luns 9 de abril. O programa de festexos foi presentado polo alcalde, Carlos Vázquez Padín, xunto a todo o equipo de goberno, Antonio Castro, Estrella Carmen Muradas, Yovana Velázquez, Mila González, Andrés Urseira e M^a Jesús Silva.

As festas, segundo explicou o alcalde, Carlos Vázquez Padín, terán un carácter máis rueiro buscando aproveitar os lugares que ten a cidade para acoller distintos actos. Como exemplo citou que a lectura do pregón, que marca o inicio oficial das festas, terá lugar este ano na praza de San Fernando, onde o mestre Antón Corral será o pregoeiro, e actuará a Banda de Gaitas Xarabal, que creou e diri-

xiu. Os xigantes e cabezudos desfilarán na primeira xornada festiva xunto ao grupo de gaitas O Mosteiro de Pexegueiro, e será acendido o alumeado das festas.

Salientou tamén Carlos Vázquez Padín, que as festas – que terán un orzamento superior aos 100 mil euros, pero inferior o das festas de 2017 – serán equilibradas e terán un toque diferenciador coa Festa do Meixón que se celebra en 5 restaurantes ata o 9 de abril.

O domingo 31 a charanga Cantos Somos, a Banda de Música Popular e a orquestra Miramar porán a nota musical, mentres que os grupos Lembranzas da Terra de Guillarei, Inquedanzas de Pazos de Reis, O Mosteiro de Pexegueiro, Xuntanza de Randufe, San Fins de Rebordáns, Santa Columba de Ribadelouro, baile e gaitas da da Asociación do

Traxe Tradicional de Tui, Seixos Albos de Areas, Refaixos e Polainas de Baldráns, serán os protagonistas do Festival Folclórico no Teatro Municipal dende as 18h.

Actividades infantís

Do luns 2 ao venres 6 os nenos e nenas terán actividades específicas para eles, coas que se busca ofrecerlles unha alternativa de lecer durante as vacacións e escolares e contribuír á conciliación familiar. Así polas mañá de 11 a 13h na Área Panorámica haberá actividades infantís da man de Chirlomirlo, e pola tarde na Sala Félix Rodríguez ás 16h proxectarase unha película de cinema. En ambos casos non é preciso inscribirse previamente, son actividades con entrada libre até completar a capacidade do local.

X Semana de Teatro Aficionado e música coral

A Semana de Teatro Aficionado celebrará a súa décima edición do luns 2 ao sábado 7 no Teatro Municipal de Tui onde os

LABORES DOMÉSTICAS **SERVICIO DE CANGUROS**

edades servicios sociales

ASISTENCIA HOSPITALARIA **AYUDA A DOMICILIO**

TIENDA ORTOPEDIA **TERCERA EDAD**

TUI: 986 600 642 VIGO: 986 600 007
C/ MARISTAS, 5 bj-dcha C/ VIA NORTE, 56 - bj

www.edadestui.com

Desde 2011

TUI TÉ ESPAÑA

TÉS ESPECIAS

PLANTAS MEDICINALES

Paseo de la corredora
Calvo Sotelo, 6.
Tui

www.tui-te.es Telf: 986604569 Whatssap 653804040

TINTORERÍA Y LAVANDERÍA

Servicio a domicilio

Limpieza en seco
Lavado
Planchado
Servicio industrial y de hogar

Alfombras - Moquetas
Ante, Napa y Piel
Limpieza de trillos
Reparaciones de alfombras

Galicia

C/ Orense, 5 - TUI · Telf. 986 601 610

EL BÚHO MIRÓN

SERVICIO DE CAFETERÍA

CELEBRACIÓN DE FIESTAS DE CUMPLEAÑOS

EL LOCAL IDEAL PARA LOS NIÑOS Y PAPÁS

C/LA GUARDIA, 2
TUI

TLF: 986 184 905

NLD

Hermanos. Nuñez Lorenzo S.L.

CORREDURÍA DE SEGUROS

Ovidio Carballo Patricio

ASESOR COMERCIAL

TRAVESÍA FOXO 4-35700 TUI
TELF: 986 601 539 - 629 880 027
ovidio@hnos-nunez.com
www.HnosNunezLorenzo.com

PANADERÍA PASTELERÍA

Tahona Micaela

PAN ARTESANO - EMPANADAS

ROSCAS - PASTELERÍA - BOLLERÍA

DE LUNES A VIERNES

OFERTA BARRA DE PAN

(1 BARRA 0'60 CTS) 2 BARRAS 1€)

986 602 083 / 686 007 919

O SEU PAN

SOUTO, GUILLAREI - TUI - CHAN DO CARRASCO 33, RANDUFE - TUI

Redacción

... Ven da páxina anterior

grupos Mesturanzas de Areas, Santiago de Malvas, Aloia de Pazos de Reis, San Fins de Rebordáns, e Atalaia do Centro Sociomomunitario de Tui presentarán as súas últimas montaxes, en moitos casos en estreita. Amaias as tres corais de Tui do Centro Sociocomunitario, Ponte das Febres e San Telmo no centro Amoralía e nas Residencias San Telmo e Paz y Bien.

O deporte tamén será protagonista nas festas

O mércores 4 será o día do deporte con actividades de bádminton, judo, tenis de mesa e xadrez no Paseo da Corredoira de 11 a 14h, e con tenis de mesa ás 16 e patinaxe ás 18h amais de estar prevista unha exhibición de kaiak polo e de slalom na piscina municipal dende ás 16h e a partir das 20.30h haberá partidos exhibición de pádel nas pistas do Liceo Casino.

Amais coma novidade no ámbito deportivo a Carreira Popular de San Telmo celebrarase este ano o sábado 7 dende ás 11h no Paseo da Corredoira baixo a organización do Club Atletismo Tui, previamente ás 10h sairá

tamén da Corredoira a Andaina Festas de San Telmo organizada polo club Andatui. Se incorpora amais no programa a Epic Race de BTT que percorrerá o paseo fluvial dende ás 7 da madrugada do sábado ás 9 da mañá do domingo. A Copa San Telmo na que se enfrontará o Tyde F.C. e o S.C. Valenciano, e a III Clásica Manuel Alfaro de coches clásico son outras das actividades previstas para o sábado. Mentres está pendente de confirmarse se finalmente o luns de San Telmo haberá partido de fútbol entre o R.C. Celta e un equipo de primeira división de Portugal, xa que polo momento non hai rival para o equipo vigués.

Broken Peach, la Edad del Oro del Pop Español, Kubo e Panorama

Son dous os concertos previstos este ano nas festas. Por unha banda o venres 6 ás 23.30h actuará no Paseo da Corredoira o grupo Broken Pech, unha banda de soul e rock formada en 2009 que presenta uns directos cunha coidada estética e un amplo repertorio. Previamente actuará dj Gramola.

O domingo 8 ás 22.30h che-



gará á rúa Compostela o concerto "La Edad del Oro del Pop Español" no que o público poderá disfrutar cos grandes clásicos do pop nacional da man de Pablo Perea (La Trampa), Alberto Comesaña (Amistades Peligrosas), Joaquín Padilla (Iguana Tango), e Chus Herranz.

A orquestra Kubo presentará en Tui o maior escenario de Europa de máis de 27 metros nunha actuación prevista na noite do sábado 7 na rúa Compostela. Neste mesmo lugar actuará o luns 9 a orquestra Panorama. O cartel das verbenas o completan Miramar, Solara, e Pontevedra. No eido musical

se celebrará tamén o festival de Karaoke o venres dende as 19h no Paseo da Corredoira.

Food Trucks e Festa do Meixón na oferta gastronómica

Amais da Festa do Meixón que hoxe comeza en 5 restaurantes o venres 6 está previsto un mercado de Food Truck no Paseo da Corredoira no que o público que se achegue poderá degustar distintas variedades gastronómicas.

O luns 9 – Día de San Telmo

As festas na honra a San Telmo pecharanse o luns 9 de abril, xornada na que dende primeira hora se celebrará a Feira Cabalar en San Bartolomé,

onde amais da compra venda de gando tamén haberá distintas exhibicións previstas.

A charanga Cantos Somos e a Banda de Música da Escola Naval Militar de Marín, serán as encargadas da música na última xornada de festa, onde tamén estará presente a Banda de Guerra da Brilat. Os actos relixiosos comezarán xa pola mañá coa misa na honra a San Telmo e a procesión pola Coronilla, e pecharanse ás 21h coa solemne procesión que percorrerá as principais rúas da cidade. A tirada de fogos de artificio marcará o peche das festas.

ACADEMIA EIS
ORDENADORES · CONSUMIBLES · REPARACIONES
Rúa Casal Abol, 10 Baixo - 36.700 TUI
Telf: 986 600 272 - Móvil: 658 855 661
eis_academia@hotmail.com

ALMACEN URBANO Vinos
CASAL ABOY 21B- 36700 TUI (PONTEVEDRA)
T. +34 986 184 837 - M. + 604 024 160
almacenurbano71@gmail.com
www.facebook.com/AlmacenUrbano

CONFORT auto **MICHELIN PIRELLI**
NEUMÁTICOS FREIRIA
SERVICIO DE NEUMÁTICOS Y MECÁNICA
C/ Regueiro, 5 - AREAS (Frente a Gadis) -36711 TUY
Tel.: 986 603 156 - www.confortauto.com

GOLOSOS
Golosinas
Helados
Snacks
Refrescos
Tartas de Gominolas
Artículos de Regalo
Calle Oia n 8 - TUI Telf: 886 135 477
661 53 56 35
facebook.com/golosatui
Somos Diferentes
Endulzate la vida
Especialistas en Dulces Suecos

LA GRAN MANZANA
CAFÉ & HELADERÍA
TUI

BAR O POLÍGONO
*COMIDAS
*BOCADILLOS
*TAPAS
PONTENOVA, 40
GUILLAREI (TUI)
Telf: 986 60 21 82

Novas da Raia

Redacción

0 meixón recupera a súa festa en Tui do 24 de marzo ao 9 de abril

Dende o 24 de marzo e até o luns 9 de abril celébrase en Tui a Festa do Meixón. Con este evento gastronómico búscase “recuperar e consolidar unha tradición gastronómica que nos facía singulares e nos facía importantes” en palabras do alcalde de Tui, Carlos Vázquez Padín.

Durante 17 días cinco restaurantes, Asador Paulo, O Novo Cabalo Furado, Cruceiro do Monte, El Molino e La de Manu, ofrecerán a ración de meixón, acompañada de pan e viño Remesal, ao prezo de 55€. Será preciso reserva previa.



Axudas á rehabilitación no conxunto histórico

O 28 de marzo, abríuse o prazo de presentación de solicitudes ás axudas á rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación do conxunto histórico de Tui.

Poderán solicitar estas axudas propietarios de edificios de vivendas ou de vivendas individuais, as comunidades, os consorcios e os entes aso-

ciativos de xestión. O importe máximo da subvención é do 45% do custo subvencionable das actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas que se realicen, e unha contía máxima por vivenda obxecto de rehabilitación de 15.000 euros (excluídos impostos, taxas e tributos).

As vivendas con axudas á rehabilitación deberán desti-

narse a domicilio habitual e permanente do/a seu/súa propietario/a, ou ao arrendamento polo menos durante 3 anos trala finalización das obras de rehabilitación.

Tres barrios son os que se inclúen no ámbito delimitado pola Área de Rehabilitación do Conxunto Histórico Artístico de Tui a Cidade Medieval, San Domingos e San Bartolomeu.



O prazo de presentación de solicitudes destas axudas é de dous meses. Pódese ampliar esta información na ofi-

cina da ARI os martes e xoves na casa do concello de Tui de 9 a 14h ou enviar un correo a ari@concellotui.org.

M&R
ESTILISTAS
SEÑORAS CABALLERO

*PEINAR CORTO: 10,00€	*CORTE CABALLERO: 8,00€
*PEINAR LARGO: 12,50€	*CORTE MAQUINA: 5,00€
*CORTAR: 10,00€	*CORTE INFANTIL: 5,00€
*CORTAR INFANTIL: 5,00€	*CORTE JUBILADO: 6,00€
*TINTE CORTO: 14,00€	
*TINTE LARGO: 17,00€	
*MECHAS: 20,00€	

HORARIO
LUNES A VIERNES
9:00 A 20:00
SABADOS
8:00 A 16:30

C/ CASAL ABOY Nº21 - TUI
TLF: 986 604 444
MOVIL: 682 800 754

LUNES DE SAN TELMO
DE 8:30 A 00:30
A TABERNA tui
Pulpo á Feira
PULPEIROS
A RENTEIRO
do Carballeiro
TAMBIÉN PARA LLEVAR PARA CASA

DONILO
estilismo propio
C/ Casal Aboyo nº21 - 26700 Tui - T. 986 604 444

PROMOCIONES

CORTE Y RINER 21⁰⁰€	PEINAR Y RINER 18⁰⁰€	PEINAR Y RINER 35⁰⁰€
CORTE INFANTIL 5⁰⁰€	RINER DE 5 A 15 AÑOS CORTAR Y PEINAR 10⁰⁰€	LLEVAR Y RINER 12⁰⁰€
CORTE JUBILADO 9⁰⁰€	CORTE Y RINER 49⁰⁰€	
CORTE A MAQUINA 5⁰⁰€		
CORN JUBILADO MIÉRCOLES 6⁰⁰€		VIERNES DÍA DEL CONDOR 10⁰⁰€

San Juan
MANUEL FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
PARAMOS - LA TORRE, 21-B
TUI - PONTEVEDRA
Telf: 986 60 38 43
Móvil: 667 56 73 47
MECÁNICA GENERAL

A Taberna Tui
TODOS LOS JUEVES CALLOS E PULPO
A FEIRA PARA COMER O PARA LLEVAR.
TAPAS DE OREJA, ZORZA, ETC...
C/ MARISTAS, 26-TUI TL: 635 612 114

Pepe Solla e o seu equipo visita Arbo

En Arbo estamos en plena tempada de Lamprea e son moitos os visitantes que se achegan a Arbo, para descubrir a nosa enogastronomía e todos os encantos que a nosa Vila ofrece.

Pepe Solla, cociñeiro español, membro fundador do grupo NOVE, xefe de cociña e propietario do restaurante Casa Solla, cunha estrela

Michelin e tres Soles Repsol e recentemente galardoado polo O Club de Xornalistas Galegos en Madrid como Galego do Ano 2017, viaxo a pasada semana ao Concello de Arbo acompañado do seu equipo para coñecer os misterios deste manxar, a Lamprea e que mellor sitio para descubrir este milenar peixe que Arbo, Capital Mundial da Lamprea.

Acompañado polo alcalde do Concello, Horacio Gil, Pepe Solla e o seu equipo, comezaron a súa visita no Río Miño, onde contemplaron as “Pesqueiras” que conforman parte da cultura, das tradicións e do modo de vida das persoas que teñen os seus fogares en Arbo. O percorrido terminou coa visita ao centro de Interpretación do Viño e dá Lamprea “Arabo”, museo



de Arbo – amorno da lamprea e posterior degustación dos nosos produtos estrela “viño e lamprea”.

Alumnos de Basque Culinary Center visitan Arbo



Este mes celebrase a LVIII Festa da lamprea que terá lugar os días 27, 28 e 29 de abril e seguiremos recibindo visitas atraídas polo misterio e encanto da nosa Lamprea e os nosos viños con D.O. Rías Baixas.

O pasado 26 de marzo máis dun centenar de estudantes do Basque Culinary Center, coñeceron o proceso de elaboración da lamprea e o viño.

Na súa segunda visita a Arbo, os alumnos e alumnas, acompañados polo Alcalde, Horacio Gil, profesores da Universidade e por membros do @Consello Regulador, coñecían as Pesqueiras, esas Majestuosas construcións que parecen que abrazan ao río Miño e onde se captura a lamprea en Arbo e fixeron un percorrido polo Centro de

interpretación do viño e a Lamprea “Arabo” onde o responsable do museo deulles as explicacións pertinentes e visitaron algunha das Adegas con D.O. Rías Baixas. Como peche do acto asistían á elaboración da lamprea en varios estilos e a súa posterior degustación. O Basque Culinary Center é unha Universidade pioneira a nivel mundial. Son membros do seu Padroado Mondragon Unibertsitatea, sete dos mellores chefs vascos, empresas líderes no sector de alimentación e bebidas e AZTI Tecnali e Conta ademais, cun Consello Internacional coa implicación de once dos chefs máis influentes do mundo e ten como fin a formación superior, a investigación, innovación e promoción da gastronomía e a alimentación.

LVIII Fest dA
LAMPREA
2018 27, 28 e 29 ABRIL ARBO

FESTA DE INTERESE TURÍSTICO NACIONAL

CONCELLO DE ARBO XUNTA DE GALICIA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Entronización da Real Confraria de Vinho Verde Tinto

A Real Confraria de Vinho Verde Tinto, constituída em outubro de 2016 e apresentada em 24 de fevereiro de 2017, no Centro Cultural do Vale do Mouro, formalizou, no passado domingo, 18 de março, o III capítulo de entronização de novos confrades.

Na cerimonia, foram entronizados Paulo Jorge Rodrigues, Durval Fernandes Gave, Camilo Fernandes, Marlene Lourenço e Terras de Real. Como confrades de honra, a Confraria do Vinho das Rias Baixas e Margarida Rouco Amaral.

Realizada nas Termas de Melgaço,

a Câmara Municipal de Monção esteve representada pelo Presidente, António Barbosa, e pelo Vice-Presidente, João Oliveira. Além do habitual desfile das confrarias presentes, realizou-se um espetáculo de teatro a cargo do Grupo Amador de Teatro Tuka Tuka, de Mazedo.

A Real Confraria de Vinho Verde Tinto procura contribuir para a preservação da tipicidade rural e valorização da autenticidade paisagística da Sub-Região de Monção e Melgaço, recorrendo, nesse sentido, à divulgação do seu vasto e rico património construído, vitivinícola e gastronómico.



GALIsenior
XI Salón Internacional das
Persoas Maiores

9 e 10 de maio de 2018



Xornadas Técnicas Profesionais

Actividades para maiores

www.galisenior.es

ANTIQAURIA

Iª FEIRA INTERNACIONAL
DE ANTIGÜIDADES

26 E 27 DE MAIO DE 2018



www.expourense.org

Organiza



Patrocinada

